REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:04:54
Nº Rexistro: 61632
Data envio: 15/01/2020 17:04:54.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu tratamento posterior, a compostaxe doméstica e o uso de compost producido a partir de biorresiduos. Na actualidade está en tramitación unha revisión deste artigo, que no borrador establece o seguinte:

- Obriga da recollida separada dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia.

- Garantir que o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente se realice através de compostaxe doméstica ou comunitaria, ou en instalacións específicas.

Pola súa parte o PEMAR establece que as comunidades autónomas deberán revisar os seus plans para adaptar a súa estrutura, obxectivos e período de vixencia e avaliación, así como especificar como se enfoca a xestión dos biorresiduos neses plans conforme o establecido no PEMAR. O obxectivo é que antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclábeis deberá alcanzar como mínimo en conxunto o 50% ao peso.

A Xunta de Galiza revisou en 2016 o PXRSU para adaptalo ao PEMAR e nesta revisión fíxanse os seguintes obxectivos a respecto da compostaxe:

- Tratamento de 245.000 tn de biorresiduos para compostaxe

- Ademais das plantas xa existentes (Nostián, Lousame e O Morrazo), construción dunha nova planta de Cerceda e 10 plantas de ámbito local/comarcal.

- Creación doutras infraestruturas: microplantas, autocompostaxe e compostaxe comunitaria.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:04:54
Nº Rexistro: 61632
Data envio: 15/01/2020 17:04:54.478

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais de cumprir estritamente a xerarquía de residuos, a compostaxe dos biorresiduos axústase aos principios de autosuficiencia e proximidade, ademais da corresponsabilidade, que deben orientar unha xestión sustentábel dos RSU. E fica claro que non se poden cumprir os obxectivos marcados na normativa europea e estatal se non se potencia o tratamento dos biorresiduos para a compostaxe.

Neste sentido, por parte do goberno do Estado impulsáronse experiencias piloto de fomento da compostaxe que inclúen a xestión mediante instalacións comunitarias, ademais da compostaxe doméstica. Tamén a Deputación de Pontevedra promove o Plan Revitaliza, que contempla a compostaxe doméstica, comunitaria e en planta. E a propia Xunta de Galiza no PXRSU contempla uns obxectivos de compostaxe que non se están a cumprir porque na práctica a administración galega vai en dirección contraria cos macrocontratos para a ampliación da capacidade da planta de SOGAMA.

A compostaxe comunitaria é unha vía imparábel e de futuro, polo que debe ser promovida polas administracións. E a Xunta de Galiza debe liderar este proceso, procurando un gran acordo a este respecto coas entidades locais e todos os axentes sociais. Lamentabelmente, o anteproxecto de lei de residuos actualmente en tramitación non dá unha resposta acaída para este importante desafío da nosa sociedade. Mais ainda estamos a tempo de corrixir o rumbo e situarnos á cabeza de Europa con solucións avanzadas, eficaces e respectuosas co medio.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como prevé a Xunta de Galiza cumprir o obxectivo de que antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclabeis) alcance como mínimo en conxunto o 50% ao peso?

2. Vai promover o goberno galego un gran acordo sobre o tratamento dos residuos urbanos e nomeadamente para o fomento da compostaxe dos biorresiduos?

3. Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para o fomento da compostaxe doméstica e comunitaria?

4. Comparte o goberno galego a oposición á compostaxe comunitaria por parte de dirixentes locais do PP?

5. Como prevé cumprir o obxectivos sobre compostaxe recollidos na revisión de 2016 do PXRSU de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:04:54
Nº Rexistro: 61632
Data envio: 15/01/2020 17:04:54.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 15:54:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 15:54:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 15:54:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 15:54:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 15:55:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 15:55:07**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:23:57
Nº Rexistro: 61657
Data envío: 15/01/2020 17:23:57.407

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, , **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Desde hai anos, alumnado e profesorado das ensinanzas artísticas superiores de Galiza vén reclamando a adscrición destes estudos ao Sistema Universitario Galego.

Durante esta lexislatura, todos os grupos parlamentarios tivemos encontros con representantes da comunidade educativa dos centros que imparten estes estudos nos que se nos instou a impulsar, no exercicio das competencias que Galiza ten recoñecidas, a integración das ensinanzas artísticas no SUG. Tamén a Xunta de Galiza é coñecedora de primeira man desta demanda.

No noso país contamos, a día de hoxe, con catro Escolas de Artes e Superiores de Deseño (EASD): a Antonio Faílde de Ourense, a Pablo Picasso da Coruña, a Ramón Falcón de Lugo e a Mestre Mateo en Compostela; alén dos CMUS, da Escola de Arte Dramática (Vigo) e a Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Pontevedra.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a Universidade de Vigo anunciou a creación dun novo grao universitario en Deseño e Creación no Campus de Pontevedra que, previsibelmente, estará en funcionamento a partir do curso 2020/2021. Esta información reavivou o debate sobre a adscrición e integración universitaria das ensinanzas artísticas xerando inquedanzas entre a comunidade educativa dos centros con estudos superiores semellantes.

O debate sobre a adscrición universitaria das ensinanzas artísticas non é novo nin exclusivamente se produce no noso país. Neste senso, o marco normativo actual prevé esta posibilidade. Así o recolle no artigo 11 a Lei Orgánica de Universidades (LOU) e o artigo 58 da LOMCE.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Apoia a Xunta de Galiza a adscrición e integración das ensinanzas artísticas no Sistema Universitario Galego?

- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para impulsar a súa adscrición?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:23:57
Nº Rexistro: 61657
Data envio: 15/01/2020 17:23:57.407

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 17:22:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 17:22:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 17:22:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 17:23:05**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 17:23:14**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 17:23:21**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:27:43
Nº Rexistro: 61659
Data envío: 15/01/2020 17:27:43.456

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O Diario Oficial de Galiza do pasado 13 de xullo de 2017 publicaba a Resolución do 23 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, da fábrica de electricidade da Ponte Nova sita na parroquia de Betanzos, no concello do mesmo nome.

Dita disposición remarcaba o valor deste edificio industrial modernista asegurando que *"Desde o punto de vista da relevancia cultural, este ben considérase que o seu compoñente de autenticidade se ve reflectida principalmente polo feito de que esta fábrica de electricidade é testemuño significativo da introdución da electricidade en Galicia, xa que foi unha das primeiras instalacións deste tipo que se implantaron nas cidades galegas e das que apenas quedan exemplos. Así mesmo, a calidade do deseño, tanto do primeiro volume coma do engadido da fábrica de electricidade, fai que esteamos ante unha obra significativa da primeira arquitectura industrial galega, avalada pola suposta autoría dun dos arquitectos máis representativos da arquitectura galega dos primeiros anos do século XX: Rafael González Villar. A singularidade deste ben vese reforzada polo lugar no que se situou, que ocupou unha xunqueira na beira da ría de Betanzos, a carón da Ponte Nova de acceso á cidade medieval. Porén, a integridade do ben está seriamente ameazada polo seu estado de abandono, polo que se deberían adoptar medidas oportunas para garantir a súa conservación, comezando pola súa protección".*

Concluía ordenando *"a anotación preventiva no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e aplicar, de forma provisional, o réxime de protección previsto para os bens catalogados mentres se tramite o expediente, que se deberá resolver no prazo máximo de*



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:27:43
Nº Rexistro: 61659
Data envío: 15/01/2020 17:27:43.456

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*dezaoito meses a partir da data desta resolución. Tras transcorrer ese prazo sen que se emitise resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento”*.

Describe o inmoble como un *“primeiro volume da fábrica de electricidade que se constrúe no ano 1895 e o segundo na década de 1910. A finais do século XIX, tamén se construíu o serradoiro, porén, segundo as fotografías antigas, este ocupaba unha posición máis próxima ao anterior edificio, descoñecéndose a data de construción do actual, como tamén se descoñece a data dos outros edificios auxiliares”.*

Por este motivo, dispón para el “*nivel de protección integral, que garanta a conservación de todos os seus elementos*”.

O 4 de maio de 2017 a propietaria do inmoble, General de Edificios y Solares, S.L., filial do grupo Naturgy- antiga Gas Natural Fenosa- solicita licenza de demolición do inmoble. O Concello denégaa o 28 de setembro En virtude desta Resolución e a empresa recorre ante a orde contencioso-administrativa a denegación.

Con posterioridade, en virtude desa mesma disposición xeral, o Concello dicta unha orde de execución, dando un prazo de dous meses finalmente ampliado a 4, á propiedade para asegurar diversos elementos e garantir a conservación do edificio. Tras pedir ampliar o prazo, que se concede, a empresa non executa os traballos.

En agosto, o Concello recibe nova notificación de recurso contencioso-administrativo, nesta ocasión atacando a propia orde de execución. En paralelo, a empresa remite ao Concello o 28 de xuño de 2018 solicitude de declaración de ruína técnica do edificio, insistindo nos argumentos expostos nos recursos e alegacións precedentes, contra a conservación do edificio modernista.

No expediente municipal tramitado ao efecto despréndese que se remitirá á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta o asunto, recabando a súa autorización para proceder á declaración de ruína da factoría construída pola familia de Xohán Vicente Viqueira e ampliada por Rafael González Villar para Industrias Núñez nos anos 20 en clara estética modernista, configurando un edificio singular e único de cantos se dedicaron a esta actividade no país.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:27:43
Nº Rexistro: 61659
Data envio: 15/01/2020 17:27:43.456

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten pensado a Xunta autorizar a declaración de ruína deste singular edificio modernista?

- De ser así, en base a que motivos se actúa en contra dos criterios e valoracións recollidas na Resolución do 23 de xuño de 2017?

- No caso de denegarse a declaración de ruína pretendida por Naturgy, que medidas e que prazos baralla o goberno galego para obrigar a conservar este edificio patrimonial?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 17:26:35**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 17:26:43**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 17:26:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 17:26:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 17:27:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 17:27:13**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:38:21
Nº Rexistro: 61660
Data envío: 15/01/2020 17:38:21.850

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O conselleiro do Medio Rural, o Sr. González, vén de remitir unha carta aos beneficiarios das axudas agroambientais, na que se lles afirma a prórroga das axudas para o ano 2020.

Sinalando, tamén, que se vía na obriga de tomar esta iniciativa ante diversa información difundida por determinados medios de comunicación e organizacións, aos que acusa de non estar a dar unha información veraz.

Así, esta carta xa podemos considerala como o inicio dunha campaña máis de publicidade indirecta da Consellería do Medio Rural. Remataba cunha estraña solicitude de petición de datos de carácter persoal como son: o número de teléfono móbil e enderezo electrónico dos beneficiarios, co pretexto de posibilitar "unha comunicación máis fluída".

Pola contra, na misiva de data 18 de decembro de 2019, nada se di do tratamento que van recibir eses datos, vulnerando todo isto a actual normativa de protección de datos.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o número de cartas enviadas pola Consellería do Medio Rural sobre a situación das axudas agroambientais, especificadas por concello?

2ª) Cantos beneficiarios/as das axudas agroambientais remitiron os datos solicitados na carta asinada polo conselleiro do Medio Rural?

3ª) Ten previsto a Consellería do Medio Rural informar a todos aqueles beneficiarios/as, que xa remitiron os seus datos, o tratamento que van recibir estes, en caso afirmativo, en que prazo?

4ª) Ten previsto a Consellería do Medio Rural o envío de máis cartas deste tipo, en caso afirmativo, cales son os criterios que seguen para xustificar tales envíos?

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:38:21
Nº Rexistro: 61660
Data envío: 15/01/2020 17:38:21.850

5ª) Cre o conselleiro do Medio Rural, que é unha boa praxe utilizar o envío de cartas, aos beneficiarios de axudas medioambientais, para acusar primeiro a determinadas medios e organizacións de non facilitar información veraz e a continuación solicitar datos de carácter persoal?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2015

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2020 16:20:00**

**Oscar Vilar Chento na data 15/01/2020 16:20:17**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:51:25
Nº Rexistro: 61666
Data envio: 15/01/2020 17:51:25.637

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sen explicación lóxica, moitos montes veciñais, con especial incidencia nas zonas periurbanas e nas cercanías de zonas industrias son depósito de diversos vertidos de variada procedencia: enseres, inertes, escombro de obras, e todo tipo de lixo en xeral. Estes vertidos son feitos por terceiros, sen autorización dos titulares dos montes.

A interpretación da lei de vertidos que se fai desde a Consellería de M. Ambiente do artigo 59.1 da lei 10/2008 de 3 de novembro é tendenciosa e non se axusta ó que a citada lei establece ó culpabilizar ós titulares dos montes como posuidores duns residuos que non son deles senón froito dun abandono ilexítimo nos seus terreos, facendo unha interpretación, como xa se dixo tendenciosa da lei, pretendendo responsabilizar dos residuos a quen tamén os sofre.

Esta situación é dunha tremenda inxustiza, porque responsabiliza a alguén dunha infracción cometida por outros. E aínda máis, estas interpretacións amosan a intencionalidade por parte da Consellería de facer deixación da obriga de investigar, perseguir e sancionar ós verdadeiros responsables .



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:51:25
Nº Rexistro: 61666
Data envio: 15/01/2020 17:51:25.637

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación inxusta mostra a falla de interese na corrección de condutas irresponsables e delictivas e o descoñecemento da realidade dos montes veciñais que veñen sendo espazos abertos situados maioritariamente distantes de núcleos de poboación que poden ser transitados e usados, para estes delitos contra o medio ambiente, na impunidade do anonimato .

E mentres isto sucede os responsables das verteduras, non teñen penalización algunha, e o problema persiste.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-É consciente o goberno galego que a maior parte dos vertidos que aparecen en montes veciñais en lugares illados e pouco visibles teñen autoría allea ós titulares dos mesmos?

-Ten pensada algunha medida que corrixa a inxustiza que supón sancionar por un acto delictivo a quen na maioría dos casos non o cometen?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:51:25
Nº Rexistro: 61666
Data envio: 15/01/2020 17:51:25.637

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 17:44:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 17:44:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 17:44:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 17:44:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 17:44:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 17:44:58**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:54:11
Nº Rexistro: 61667
Data envío: 15/01/2020 17:54:11.950

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O Diario Oficial de Galicia número 155, de data 10 agosto do ano 2000, publicaba o Decreto 205/2000, do 21 de xullo, polo que se declaraba de utilidade pública e de urxente execución a concentración parcelaria da zona de Gonzar II, no concello do Pino (A Coruña).

Malia ser declarada de urxente execución, transcorren case que nove anos ata que se publican, no DOG N.º 6, o 9 de xaneiro do ano 2009, as súas bases definitivas de acordo coa Resolución do 28 de novembro de 2008.

Estamos a falar aproximadamente de 900 hectáreas, onde o factor predominante da parroquia de Gonzar, no Pino, é a dispersión e o minifundismo, xa que a mencionada superficie conta con 7.853 parcelas.

Transcorridos máis de 19 anos desde o inicio do proceso de concentración, esta, aínda non rematou, e apenas hai avances significativos. Feitos, que impiden aos propietarios e propietarias explotar de maneira eficiente os seus recursos forestais, tales como: plantar e producir madeira.

Ademais, este atraso, no proceso de concentración, está a provocar unha considerable diminución da capacidade produtiva da terra. Xa que a dificultade de acceso aos predios entorpece, ou incluso imposibilita, o transito da actual maquinaria, provocando que moitas fincas se atopen nun estado de total abandono, o que xera un aumento da biomasa forestal, e que trae consigo un aumento no risco de incendios.

Así mesmo, neste mesmo concello, O Pino, existen dúas parroquias, Arca e Pereira, que, a día de hoxe, non contan con toda a súa superficie aparcelada, pero onde si os propietarios das terras demandan, tamén, o inicio do proceso concentración.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:54:11
Nº Rexistro: 61667
Data envio: 15/01/2020 17:54:11.950

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cales son as causas da demora no proceso de concentración parcelaria denominada Gonzar II no concello do Pino?

2ª. Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación á concentración parcelaria Gonzar II?

3ª. Cales son os procedementos da concentración parcelaria Gonzar II que aínda están en período de tramitación, e en que data concreta, prevé a Xunta de Galicia, que remataran os ditos trámites?

4ª. Cando prevé a Xunta de Galicia que se realizará, definitivamente, a concentración parcelaria Gonzar II do concello do Pino? En caso afirmativo, cal é o cronograma de actuacións?

5ª. É consciente a Xunta de Galicia das perdas económicas, sociais e medioambientais que supón a demora na concentración parcelaria Gonzar II e, se for o caso, cal é o valor estimado pola Xunta de Galicia?

6ª. Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar os tramites da concentración parcelaria do monte pendente nas parroquias de Arca e Pereira do concello do Pino?

7ª. Cal é a previsión de orzamento para o exercicio 2020, e o cronograma de actuacións?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 15/01/2020 17:45:48**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2020 17:45:57**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:54:32
Nº Rexistro: 61668
Data envío: 15/01/2020 17:54:32.872

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

É de sobra coñecido por todos e todas que unha das características da propiedade da terra en Galicia é a elevada fragmentación. Unha fragmentación que se traduce nun gran número de parcelas como nun gran número de propietarios. Falamos do coñecido minifundismo galego. Un minifundismo que dificulta unha xestión adecuada do territorio, que minora a rendibilidade das explotacións e dificulta, en moitos casos, a súa viabilidade, e, tamén, favorece o abandono das parcelas co conseguinte aumento de biomasa vexetal nos predios o que contribúe a agravar os efectos dos incendios.

O rural galego segue necesitando un pulo para acadar un desenvolvemento eficaz e eficiente. Necesitamos, entre outros, impulsar a nosa calidade de produción agro alimentaria, unha boa mobilidade da terra produtiva para usos agropecuarios e forestais, e, por último, e non por iso menos importante necesitamos un desenvolvemento de máis zonas de pastoreo para as granxas galegas.

A agricultura e gandería son un sector primario fundamental da economía galega, e, así mesmo, a súa xente é a que está a loitar contra o abandono do rural.

Tampouco podemos esquecernos da importancia do noso monte para a vida galega xa que desempeña un tripla funcionalidade no eido social, ambiental e económico, como así estipula a exposición de motivos da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.

As concentracións parcelarias impulsan, entre outros, o desenvolvemento do sector lácteo, e permiten unha ordenación da superficie agraria e forestal adaptada ás necesidades de cada zona segundo o seu uso.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:54:32
Nº Rexistro: 61668
Data envío: 15/01/2020 17:54:32.872

En definitiva, un dos moitos factores que condiciona o uso do solo é a existencia ou non de concentracións parcelarias.

Un goberno, verdadeiramente comprometido co rural, tería que haber impulsado estes procesos. Sobre todo, cando a Xunta de Galicia ratificou varias veces durante a presente lexislatura o seu compromiso de promover todas as concentracións pendentes

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural, a estas alturas da lexislatura, tería que ter demostrado que unha das súas prioridades era axilizar e finalizar as concentracións parcelarias decretadas e abertas.

Tristemente os feitos demostran todo o contrario, e estes son os datos. A comezos do ano 2016 tiñamos en Galicia 137 concentracións pendentes. agora, segundo o informe anual do Valedor do Pobo (2018), Galicia ten abertas 128; 45 na provincia da Coruña, 14 en Lugo, 31 en Ourense e 38 en Pontevedra.

Os números demostran que o avance é insignificante e pobre. Pasados case que catro anos a Xunta de Galicia tan só axilizou 9 procesos. Seguimos pois nunha excesiva demora na conclusión dos expedientes, exemplos temos varios: concentración parcelaria Gonzar II (no Pino) 19 anos de trámites; concentración parcelaria de Godos (Caldas de Reis) 18 anos de trámites, etc... Ao que hai que sumar, logo despois, a tardanza na toma de posesión dos novos predios e títulos.

Por iso, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas, motivos, do nulo avance nos procesos de concentración nesta lexislatura?

2ª) Que medidas, a curto e medio prazo, vai adoptar o Goberno galego en relación con estes 128 procesos concentración, decretados e en trámite?

3ª) Cando prevé a Xunta de Galicia que finalizarán estas 128 concentracións, decretadas e en trámite? En caso afirmativo, cal é o orzamento e o cronograma de actuacións?

4ª) Cantas hectáreas de monte, e cantas de natureza agraria, ten pensado ordenar no que resta de lexislatura a Xuta de Galicia?

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:54:32
Nº Rexistro: 61668
Data envio: 15/01/2020 17:54:32.872

5ª) É consciente o Goberno galego que estes excesivos atrasos nos procesos de concentración causan grandes perdas económicas, sociais e medio-ambientais, para o sector agrícola, gandería e forestal? Se for o caso, cal é o valor estimado pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 15/01/2020 17:47:41**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2020 17:47:51**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:54:53
Nº Rexistro: 61669
Data envío: 15/01/2020 17:54:53.841

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O pasado 8 de febreiro do ano 2019, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, rexistraba unha iniciativa solicitando á Xunta de Galicia a que se rematase o proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Villestro, do concello de Santiago de Compostela, iniciado no ano 1991 e coas bases definitivas aprobadas desde o ano 2009.

Iniciativa que se sometía a debate e posterior votación, na Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes o día 28 de febreiro de 2019.

O texto resolutivo, anteriormente mencionado, aprobábase sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes na dita comisión.

Agora, nove meses máis tarde os veciños/as e propietarios/as da terra, das parroquias de Figueiras e Villestro, volven  reivindicar a reactivación do proceso de concentración.

As razóns que instan aos veciños/as a reivindicar, de novo, este proceso é a falta de interese mostrada polo director xeral de Desenvolvemento Rural, o Sr. D. Miguel Ángel Pérez Dubois, tras a reunión que mantivo cos afectados/as o pasado día 28 de agosto de 2019.

No dito encontro, o Sr. Pérez Dubois esgrimía varios motivos xustificando esa falta de interese, entre outros, un suposto informe interno, que se trataba dunha concentración urbana, e, tamén, unha falta de interese por parte da maioría da veciñanza.

Argumentos que causan sorpresa e indignación entre os veciños/as, cando estes veñen de rexistrar preto de mil sinaturas solicitando a reactivación dos procesos de concentración.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:54:53
Nº Rexistro: 61669
Data envio: 15/01/2020 17:54:53.841

Por todo o anteriormente exposto os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Son certos os argumentos que, supostamente, esgrimiu o Sr. Pérez Dubois no encontro que mantivo cos veciños/as das parroquias de Villestro e Figueiras? Existe ese suposto informe? Quen é o autor/a do dito informe?

2ª. Que medidas, a curto prazo, vai adoptar o Goberno galego en relación coa concentración parcelaria de Figueiras II e Villestro II?

3ª. Cales son as causas que xustifican que a Xunta de Galicia non teña tomado en consideración o acordo aprobado na Comisión 7ª en relación a estes procesos de concentración?

4ª. Ten pensado a Xunta de Galicia reactivar o proceso de concentración de Villestro II e Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela? En caso afirmativo, cal é o cronograma de actuacións?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 15/01/2020 17:49:05**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2020 17:49:14**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:55:08
Nº Rexistro: 61670
Data envío: 15/01/2020 17:55:08.794

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Desde o pasado 4 de novembro o centro saúde do Pino carece de servizo de Pediatría por mor dunha baixa da pediatra titular. Un problema que se está a repetir continuamente neste centro cada vez que a profesional se ausenta por algunha razón, ben sexa por vacacións, permisos, ou coma neste caso por enfermidade.

Un problema reiterado que está a causar novamente malestar entre a poboación do Pino. Xa que os pais e as nais descoñecen que día vai haber substituto, ou non, á hora de solicitar a súas consultas. A causa, que a consellería está a optar por enviar, de vez en cando, a unha persoa para cubrir o servizo, pero sen seguir ningún tipo de criterio serio.

Todo parece indicar que a Consellería de Sanidade decide enviar persoal de substitución baseándose tan só no número de queixas e reclamacións recibidas.

Unha problemática que se agrava segundo o día da semana que se trate, xa que o servizo de Pediatría do Pino é un servizo compartido co concello veciño de Touro. E, tamén, cando outro titular de medicina xeral do mesmo centro se ausenta, quedando así o centro baixo mínimos, como xa sucedeu entre o pasado día 4 e 19 de novembro.

Todo isto provoca que os máis pequenos, os nenos e nenas de entre cero e dous anos, no caso de necesitar consulta teñen que se desprazar ao CHUS de Santiago.

Así mesmo, están a quedar desentendidas as moitas revisións anuais, causando molestias, enfado e preocupación nas nais e país, xeran colapsos e aumentan as listas de espera para eses escasos ou nulos días de consulta.

Desde o Grupo Socialista entendemos que un servizo tan esencial como a atención médica infantil debe estar sempre garantida e non depender das libranzas ou ausencias dunha soa profesional.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:55:08
Nº Rexistro: 61670
Data envío: 15/01/2020 17:55:08.794

Non pode ser que desde o Goberno aseguren o compromiso co rural galego, mentres coa súa xestión o están deixando día tras día sen os servizos necesarios para manter a poboación e que o rural galego non desapareza.

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

1ª) Coñece o Goberno galego o problema que teñen no concello do Pino coa consulta de pediatría?

2ª) Van  cubrir a baixa da profesional que pasa consulta nos dous centros de saúde? Cando e como?

3ª) Parécelle axeitada ao Goberno galego a solución dada ata o momento?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 15/01/2020 17:50:35**

**Julio Torrado Quintela na data 15/01/2020 17:50:46**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 17:51:02**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:55:35
Nº Rexistro: 61671
Data envío: 15/01/2020 17:55:35.279

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia elaborou "O Plan Director do Camiño de Santiago 2015- 2021" que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

Un plan con cinco liñas estratéxicas, onde a liña estratéxica 3, punto 1, versa sobre o mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago. Incidindo este punto, entre outros, nas operacións de conservación integral dos Camiños de Santiago ao seu paso pola nosa comunidade autónoma.

Unhas operacións de mantemento e conservación que teñen por finalidade manter en todo momento os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, e, tamén, garantir no tempo, a consolidación das melloras xa realizadas en actuacións anteriores.

Tarefas e atencións que visto o estado do pavimento dalgúns tramos do Camiño Francés que discorre, entre outros, polos concellos de Melide, Arzúa, e O Pino, distan moito de alcanzar e cimentar ese pretendido óptimo estado.

Nos tramos anteriormente mencionados é frecuente atoparse na época de outono, inverno e primavera con multitude de fochancas, treitos cheos de lama, dando lugar todo isto a unha multitude de incidencias no firme do Camiño Francés.

Fochancas e bulleiros que na gran maioría das veces se producen, non só pola fata de mantemento, que tamén, senón que pola nula falta de gabias que permita a recollida e canalización das augas pluviais. Provocando, isto último, continuos danos no pavimento derivados dos factores externos como a climatoloxía.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:55:35
Nº Rexistro: 61671
Data envío: 15/01/2020 17:55:35.279

Polo tanto, todo apunta a que estamos, unha vez máis, ante unha falta de programacións dos labores, xunto a unha falta de vixilancia e control por parte da Xunta de Galicia. Xa que as incidencias descritas confirman que o fin que se pretende -óptimo estado- non se consegue consolidar e manter no tempo.

Esta falta de planificación, seguimento e control, por parte da Administración autonómica, non só provoca molestias, inseguridade e mala imaxe aos peregrinos, senón que tamén a moitos/as veciños/as galegos/as que teñen as súas vivendas situadas ao pé do Camiño sofren estas deficiencias día a día.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece estas incidencias a Xunta de Galicia? En caso afirmativo, cal, ou cales, son os motivos que xustifican a falta de actuación por parte da Xunta de Galicia?

2ª) Cal é a planificación de operacións de conservación ordinaria programada para o ano 2020? En que consisten esas operacións?

3ª) Cal é a programación programada para a conservación ordinaria de abono por medición no Camiño Francés para o ano 2020?

4ª) Que número de incidencias relevantes se atenderon durante o ano 2019? Cales foron esas incidencias?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 15/01/2020 17:52:47**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/01/2020 17:53:01**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2020 17:53:20**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 18:16:39
Nº Rexistro: 61676
Data envio: 15/01/2020 18:16:39.365

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas. Vemos polo tanto como a Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa abultadas listas de espera.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público,



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 18:16:39
Nº Rexistro: 61676
Data envio: 15/01/2020 18:16:39.365

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª.

1. Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública de Galiza pechando camas e non substituíndo ao persoal mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?

2. Vai seguir derivando doentes á sanidade privada mentres ten pechado camas na sanidade pública?

3. Ten avaliado o Goberno galego a repercusión do peche de camas nas xa moi abultadas listas de espera do Sergas?

4. Como está a afectar este peche tan importante de camas nos servizos de urxencias?

5. Cales son as especialidades máis afectadas por esta medida?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 18:16:39
Nº Rexistro: 61676
Data envío: 15/01/2020 18:16:39.365

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Cales son os servizos, en cada hospital, nos que se manteñen camas pechadas e cales foron os criterios para tomar a decisión?

7. Cal é o aforro previsto con esta medida?

8.- Cantas son as derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desglosadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas?

9.- Canto é o persoal que non se substitúe, desglosado por centros e especialidades?

10.- Cando vai rematar coa práctica de sacar da lista de espera estrutural aos doentes que rexeiten ser derivados a centros privados ou a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia para ser atendidos das súas patoloxías, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas?

11.- Cando vai restituír ás listas de espera estruturais a tod@s @s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 18:14:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2020 18:14:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2020 18:14:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2020 18:14:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2020 18:14:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 18:15:06**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 18:19:38
Nº Rexistro: 61678
Data envio: 15/01/2020 18:19:38.116

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Vega Pérez, Gonzalo Trenor López, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

En novembro de 2018 o barrio de Xunqueira, en Viveiro, sufriu un episodio de inundacións que, lamentablemente, acabou coa vida dunha veciña. Desde un primeiro momento o Goberno galego púxose a traballar para paliar os danos materiais causados e amosou a súa disposición a colaborar co Concello de Viveiro na procura de medidas que permitan evitar futuros riscos.

A Xunta comprometeuse cos veciños a realizar un estudo de alternativas sobre as posibles medidas a adoptar para reducir o impacto das inundacións no núcleo de Xunqueira e, xa no mes de marzo pasado, remitiulle o resultado ao Concello de Viveiro para que decidise que actuación impulsar, en diálogo cos veciños.

Ante a falta de concreción neste sentido por parte do Concello, a Xunta mantivo unha xuntanza cos veciños no mes de setembro para trasladarlles as conclusións do dito estudo e para recoller tamén as súas consideracións.
Máis recentemente, concretamente a comezos de decembro, a Xunta mantiña un novo encontro cos veciños e coa alcaldesa de Viveiro *-na súa condición de representante do Concello e tamén por delegación do presidente da Deputación Provincial-*, para abordar as actuacións que é necesario levar a cabo nese barrio de Xunqueira; actuacións, a meirande parte delas, de carácter urbanístico.

Nesa xuntanza, o Goberno galego presentou o resultado do estudo realizado por Augas de Galicia sobre a viabilidade de actuacións complementarias que plantexaban os veciños ás que inicialmente foran formuladas para minimizar o perigo de asolagamentos no núcleo de Xunqueira.

Polo exposto, ante a necesidade de que se adopten, á maior brevidade, as medidas necesarias no núcleo de Xunqueira, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en **Comisión:**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

1.- Cal é o resultado do estudo realizado pola Xunta de Galicia para reducir o risco de inundacións no núcleo de Xunqueira, en Viveiro?

2.- Que medidas concretas se plantexan de cara a protexer á poboación fronte ao risco de inundacións?

3.- Tivéronse en conta as consideracións dos veciños?

4.- Que compromisos ten asumido o Goberno galego? E a Deputación Provincial e o Concello de Viveiro, tendo en conta que se trata, fundamentalmente, de actuacións urbanísticas de competencia municipal?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 15/01/2020 18:12:08**

**Gonzalo Trenor López na data 15/01/2020 18:12:19**

**Martín Fernández Prado na data 15/01/2020 18:12:29**

**Jaime Castiñeira Broz na data 15/01/2020 18:12:43**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 18:12:57**

**Diego Calvo Pouso na data 15/01/2020 18:13:07**

**Antonio Mouriño Villar na data 15/01/2020 18:13:29**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2020 18:13:42**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/01/2020 18:13:52**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61687
Data envio: 15/01/2020 19:13:52.215

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela e Miguel Prado Patiño** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1º, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Unidade de Policía Adscrita (UPA) vén desempeñando en Galicia importantes funcións, e desenvolvendo unha colaboración intensa e eficaz nos ámbitos de actuación que, de acordo coas previsións legais, lle son asignadas, de acordo coas necesidades e demandas que as distintas Consellerías da Xunta de Galicia lle requiren.

Ademais das súas relevantes funcións, entre outras, na investigación dos lumes forestais; na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal; na protección da familia e dos menores; ou na protección das vítimas de violencia contra a muller; a dita unidade policial é o mellor garante na protección do medio natural e do patrimonio cultural de Galicia.

Debe lembrarse tamén que todas as Forzas e Corpos de Seguridade teñen como misión a protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, garantindo a súa seguridade, e todo iso dentro dun marco de estreita cooperación e colaboración entre todas as administracións, para o que deberán prestar a asistencia mutua necesaria para un eficaz exercicio das respectivas competencias.

Na actualidade, a acción de impulso do Camiño de Santiago a través do seu Plan Director e Estratéxico, co horizonte inmediato do Xacobeo 2021, exixe un reforzo importante da coordinación dos corpos de seguridade estatais, autonómicos e locais, co fin de garantir a liberdade e seguridade de todas as persoas que concorren nos itinerarios do camiño, ao seu paso por Galicia, en colaboración con outros corpos policiais, e mantendo á vez unha actividade de control nos outros ámbitos como a de protección do patrimonio, urbanismo, medio ambiente, incendios, etc.

Por esta razón, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para súa resposta en **Comisión:**

- Como vai articular o Goberno da Xunta de Galicia a coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, co horizonte posto no Xacobeo 2021?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61687
Data envío: 15/01/2020 19:13:52.215

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2020 19:02:55**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 19:03:09**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2020 19:03:18**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2020 19:05:12**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2020 19:05:24**

**José Manuel Rey Varela na data 15/01/2020 19:05:32**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/01/2020 19:05:47**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61688
Data envio: 15/01/2020 19:14:11.434

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Paula Prado Del Río; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña; Alberto Pazos Couñago; José Manuel Rey Varela e Miguel Prado Patiño** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1º, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Neste ano remata o Plan de Infraestruturas xudiciais aprobado polo Goberno autonómico no ano 2009 que vai permitir dotar á Xustiza en Galicia de edificios xudiciais modernos e adecuados a través de diversas actuacións de nova obra, rehabilitación e reforma nas principais cidades e vilas galegas, o Goberno galego puxo en marcha o pasado ano 2019 unha importante iniciativa para garantir o adecuado equipamento mobiliario das sedes xudiciais.

O Plan de renovación do equipamento mobiliario da Administración de Xustiza en Galicia, cuxa execución comezou en 2019 e está previsto rematar no horizonte 2021, vai permitir actualizar o mobiliario dos despachos e oficinas e dotar de novos sistemas de armarios compactos móbiles para arquivo nos edificios xudiciais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións ten previstas desenvolver a Xunta Galicia no marco do Plan de renovación do equipamento de mobiliario na Administración de xustiza en Galicia?
2. Cales son as sedes nas que ao longo de 2020 están planificadas a renovación de mobiliario dos despachos e oficinas? Cal é a súa dotación económica prevista?
3. Cales son os arquivos xudiciais incluídos neste ano 2020 para a dotación dos novos sistemas de armarios rodantes e a súa previsión económica?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2020 19:09:00**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 19:09:15**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2020 19:09:24**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2020 19:09:39**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2020 19:09:47**

**José Manuel Rey Varela na data 15/01/2020 19:09:56**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/01/2020 19:10:05**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 61689
Data envio: 15/01/2020 19:19:54.796

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Paula Prado Del Río; Alberto Pazos Couñago; Jacobo Moreira Ferro; Julia Rodríguez Barreira; Isabel Novo Fariña;; José Manuel Rey Varela e Miguel Prado Patiño** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1º, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

En 2015 as Nacións Unidas aprobaron a denominada Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible que leva implícitos uns retos, os denominados Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), un conxunto de metas que ata o ano 2030 deberán guiar á comunidade internacional no seu propósito de promover o desenvolvemento a escala global. Trátase dun esforzo sen precedentes que convoca a unha ampla diversidade de actores, entre os que se atopan tamén e moi especialmente os gobernos descentralizados.

O elevado número departamentos e áreas de traballo ás que implican os ODS, xunto coa multidimensionalidade coa que deben ser abordados, esixe a posta en marcha de mecanismos institucionais que promovan a transversalidade e a coherencia de políticas na Xunta de Galicia.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 recolle como liña de actuación reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega. De tal xeito a Administración pública galega, a nivel autonómico e local, deberá desenvolver procesos específicos para localizar e integrar a Axenda 2030 e os ODS no conxunto das súas políticas públicas, adaptándoas ás oportunidades e posibilidades de contribución activa ao seu cumprimento, con base nas súas fortalezas, experiencia, capacidades e recursos.

Do mesmo xeito o IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 recolle como produto a acadar no vindeiros catro anos, contar cun mandato unánime do Parlamento de Galicia que se plasme nunha declaración institucional en favor da Axenda 2030 das Nacións Unidas e dos ODS, e en apoio da política pública de cooperación en todos os niveis da Administración pública galega.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

-Que pasos está a dar a Xunta para promover os procesos para que a visión da Axenda 2030 e os Obxectivo de Desenvolvemento Sostible se transversalicen no conxunto das políticas públicas da administración autonómica nun marco de coherencia de políticas de desenvolvemento sostible?.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 15/01/2020 19:18:06**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2020 19:18:22**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/01/2020 19:18:33**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/01/2020 19:18:42**

**María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2020 19:18:56**

**José Manuel Rey Varela na data 15/01/2020 19:19:05**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 15/01/2020 19:19:23**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:03:54
Nº Rexistro: 61692
Data envío: 16/01/2020 10:03:54.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á denegación do campionato provincial de caza do raposo en Lugo.

O campionato provincial de caza do raposo de Lugo, previsto para o sábado 11 de xaneiro, que ía ter lugar en Monforte, foi suspendido pola organización debido que non foi autorizado polo xefe do servizo de patrimonio natural da consellaría de medio ambiente de Lugo. Segundo unha comunicación da entidade organizadora aos socios á que tivo acceso o BNG, o citado funcionario comunicou a denegación da autorización o día anterior, "por motivos incomprensíbeis" e "sen tempo para alegar contra dita resolución".

Segundo a información da que dispón o BNG, nesta semana produciuse a dimisión do xefe de servizo, e a seguir autorizouse a celebración do campionato galego, que vai ter lugar o vindeiro sábado 18 de xaneiro nos montes de Triacastela e Láncara.

Por este motivo formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:03:54
Nº Rexistro: 61692
Data envio: 16/01/2020 10:03:54.659

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales foron as razóns esgrimidas polo xefe provincial de medio natural para denegar a autorización para a celebración do campionato provincial de caza do raposo?

En que criterios se basea a administración autonómica para autorizar o campionato galego do 18 de xaneiro?

Dimitiu o xefe provincial de medio natural de Lugo e a súa renuncia está relacionada coa denegación da autorización desta proba?

Cando vai deixar a Xunta de colaborar cos campionatos de caza de raposo?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 10:01:21**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 10:01:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 10:01:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 10:01:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 10:01:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 10:02:03**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:20:31
Nº Rexistro: 61702
Data envio: 16/01/2020 10:20:31.618

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos xa en 2020, e a situación da ría de Ferrol lonxe de mellorar é cada vez peor. Sen ir mais atrás, desde comezo desta década ate a actualidade a produción marisqueira baixou a apenas un 10% do que era. Isto ocorre en todos os ámbitos da mesma, a pé e a flote, en case todas as especies, e é especialmente grave na ameixa babosa e a ameixa fina.

Hoxe en día está seriamente en risco a viabilidade das tres Confrarías da ría, con a maior parte dos mariscadores e mariscadoras con baixas prolongadas ou sobrevivindo, gañando apenas para pagar o seguro e pouco mais. Situacións persoais penosas e Confrarías sen ingresos.

As causas desta situación como case sempre, exceptuando algunha catástrofe concreta, son múltiples. Mais as principais son de sobras coñecidas e por parte da Consellería, non se están a aportar solucións. A situación é demasiado grave e merece seriedade e non xogar co medio de vida da xente.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:20:31
Nº Rexistro: 61702
Data envio: 16/01/2020 10:20:31.618

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñécese sobradamente que a maioría dos bancos marisqueiros da ría están altamente degradados por anos de vertidos sen control, a depuración das augas residuais mellora a calidade das augas do mar permitindo a comercialización, mais non recupera os bancos marisqueiros sepultados polos lodos dos vertidos. En particular o banco marisqueiro das Pías, o mais importante da ría, hoxe apenas ten produción, das mais de 200 embarcacións diarias de comezos desta década, hoxe non hai nin unha ducia cada día.

Esta situación non se pode prolongar mais, e pódese parar se de verdade se toman as medidas que son precisas, sen xogar ao despiste nin colocar parches que non son mais que solucións temporais. As medidas que se tomen, teñen que realizarse en colaboración coas Confrarías para poder obter o maior rendemento posíbel, contando cos técnicos e biólogos da Consellería, así como tamén coa colaboración da estación de bioloxía mariña da Graña.

E preciso comezar canto antes para evitar un deterioro maior, o peche de entidades e a práctica desaparición do marisqueo da ría, razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai a Consellaría do Mar da evolución do sector marisqueiro en Galiza nos últimos 10 anos?

Que valoración fai da situación do marisqueo na ría de Ferrol?

Cal foi a evolución dos PERMEX para marisqueo nesta ría?

Considera satisfactorio o nivel de produción existente?

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:20:31
Nº Rexistro: 61702
Data envio: 16/01/2020 10:20:31.618

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións ten realizado para garantir a produción na ría e as rendas das mariscadoras?

É coñecedora da situación límite na que están as confrarías?

Que vai facer para garantir a súa viabilidade?

Que actuacións vai realizar para reverter a situación?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 10:11:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 10:11:50**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 10:11:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 10:12:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 10:12:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 10:12:20**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:32:25
Nº Rexistro: 61714
Data envío: 16/01/2020 10:32:25.920

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

Dona **Eva Solla Fernández** deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en comisión 5ª relativa á situación no centro de saúde de Valeixe:**

A atención primaria sofre desde fai anos un importante deterioro froito do recorte de persoal. Unha situación que, como temos denunciado en moitas ocasións, supón un incremento de carga de traballo para o persoal sanitario e se traduce na xeración en oitos casos de listas de agarda.

No caso dos centros de saúde máis pequenos e consultorios a non cobertura do persoal titular tanto puntual coma permanentemente supón na práctica a ausencia de servizo sanitario. Esta é a situación que se está a vivir en Valeixe, a Cañiza, onde a veciñanza leva máis de dous meses sen médico no seu centro.

A orixe desta situación parte coa xubilación do profesional médico titular que non foi substituída por parte do SERGAS a pesares de estar prevista desde fai tempo. Como consecuencia, as entorno 700 veciñas e veciños e as 170 persoas usuarias da residencia de maiores situada en Valeixe non contan co servizo básico de medicina no seu centro.

Inicialmente a Consellería derivou as consultas ao PAC de A Cañiza, sen incrementar tampouco neste centro o persoal. Sen embargo esta medida puntual leva alongándose durante meses sen que se teña tomado unha solución.

O impacto da ausencia da substitución significa desprazamentos cun elevado custe dada a ausencia de transporte público, demoras inxustificadas na asistencia e na emisión de receitas médicas o que tamén está a significar problemas para dar continuidade aos tratamentos farmacolóxicos.

Desde fai algúns días o SERGAS ten desprazado a un profesional durante dúas horas diarias ao centro, pero este "parche" tampouco solventa a

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

situación, xa que a demora é tan grande que o profesional está tendo que atender ata 40 citas en dúas horas para dar saída a consultas e receitas. No caso das citas para isto último, a demora alcanza unha semana.

Esta situación non só é de todo insostible, se non que viola dereitos básicos en materia da protección da saúde das veciñas e veciños de Valeixe e resulta de todo inxustificable que se continúe alongando esta medida.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

**1.- ¿Que valoración fai a Xunta de Galicia de esta situación?**

**2.- ¿Cando se vai cubrir a praza de medicina de este centro?**

Compostela, 15 de Xaneiro de 2020

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 15/01/2020 12:38:26**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:32:40
Nº Rexistro: 61715
Data envio: 16/01/2020 10:32:40.498

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

Dona **Eva Solla Fernández** deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en comisión relativa á situación dos servizos de urxencias:**

Nas últimas semanas os servizos de urxencias dos centros sanitarios públicos están a sufrir un elevado incremento das frecuentacións, en grande medida previsto e derivado do ascenso estacional dos casos de gripe e outros problemas respiratorios.

Esta situación que se produce cada ano require, como xa temos indicado noutras ocasións, un incremento de efectivos de persoal estable nos propios servizos de urxencias para atender a sobrecarga de traballo e dar axilidade interna. Pero tamén, precisa dunha planificación e cobertura estable de persoal para as camas e unidades que acollen o incremento de ingresos parello a esta frecuentación das urxencias.

Polo tanto, con independencia de incrementos puntuais que son comprensibles en tanto en canto a asistencia aos servizos de urxencias non é lineal, non se debería normalizar de xeito estrutural a saturación dos servizos de urxencias. O cal leva a preguntarse polo grao de planificación e de cobertura de persoal de estes servizos.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

**1.- ¿ Que número de persoal de cada categoría se contratou no marco da cobertura do incremento de asistencias no servizos de urxencias de cada centro hospitalario? ¿ Cal foi a duración de eses contratos?**

**2.- ¿ Que número de persoal de cada categoría se contratou no marco da cobertura do incremento de asistencias no servizos de urxencias dos PAC? ¿ Cal foi a duración de eses contratos?**

**3.- ¿ Que número de persoal de cada categoría se contratou no marco da cobertura do incremento de asistencias no servizos de hospitalización de cada centro hospitalario? ¿ Cal foi a duración de**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:32:40
Nº Rexistro: 61715
Data envio: 16/01/2020 10:32:40.498

**eses contratos?**

**4.- ¿ Por que non se manteñen abertas a totalidade das camas dispoñibles nos hospitais galegos?**

Compostela, 15 de Xaneiro de 2020

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 15/01/2020 12:41:11**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:33:03
Nº Rexistro: 61716
Data envio: 16/01/2020 10:33:03.264

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª.**

A proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

Con todo, asistimos a unha parálise do Goberno, que pola vía de feitos consumados ou os decretos pola porta de atrás, que permite que se manteña esta situación pese as graves consecuencias que se están a advertir, impedindo incluso actuacións dende outras Administracións.

A última noticia publicada en relación as casas de apostas, ven dada pola nova regulación dos horarios de establecementos abertos ao público, no que as casas de apostas saen beneficiadas porque poderán pechar 30 minutos máis tarde do horario actual.

Unha actuación máis en favor do negocio das casas de apostas e en detrimento da protección da saúde, xa que segundo o *Anuario del Juego en España* elaborado

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:33:03
Nº Rexistro: 61716
Data envio: 16/01/2020 10:33:03.264

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

por unha famosa empresa de xogo, as casas de apostas en Galicia supuxeron un filón económico que multiplicou os seus beneficios nos últimos anos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Considera o Goberno da Xunta de Galicia que a ampliación de horario nas casas de apostas supón unha medida para diminuír a ludomanía en Galicia?
- Cando teñen pensado presentar o proxecto de Lei sobre xogos e apostas?
- Cales son as medidas que están levando a cabo para loitar contra a ludomanía en Galicia?
- Non considera o Goberno que está levando a cabo unha política errónea en materia de prevención, cando están aumentando os beneficios económicos nas casas de apostas e o número de persoas enganchadas aos xogos e apostas?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:33:03
Nº Rexistro: 61716
Data envio: 16/01/2020 10:33:03.264

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

**Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 09:55:44**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:33:18
Nº Rexistro: 61717
Data envio: 16/01/2020 10:33:18.217

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión 5ª.**

As políticas de recortes no investimento público, a precariedade nas contratacións e a falta dunha boa planificación provocan especial repercusión na falta de profesionais, especialmente na Atención Priamaria, impedindo unha cobertura axeitada de prazas e polo tanto unha correcta asistencia sanitaria.

Esta mala xestión está a ter unha repercusión moi grave no caso de centros de saúde máis pequenos, nos que a non cobertura do persoal titular, tanto puntual como permanente, supón na práctica a ausencia de servizo sanitario e o desprazamento a outro centro de saúde, que probablemente vaia a sufrir un aumento na lista de espera.

Esta situación é a que se vai a dar no municipio de Carral, onde o Sergas anunciou que en principio, non terán pediatra ata marzo, polo que deberán acudir ao pediatra do Centro de Saúde de Cambre, que soamente conta cun pediatra de mañá, o que sen dúbida levará a unha saturación do servizo, principalmente si temos en conta que ambos municipios están a ter un crecemento da súa poboación e concretamente dos nenos e nenas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Considera a Xunta de Galicia que está a garantir unha atención sanitaria correcta?
- Considera a Xunta de Galicia que é axeitado que un solo pediatra se faga carto de todas esas cartillas?
- Ten pensado a Xunta de Galicia levar a cabo algunha medida a fin de solucionar esta situación?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 10:04:42**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:33:33
Nº Rexistro: 61718
Data envio: 16/01/2020 10:33:33.123

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Eva Solla Fernández,** deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª.**

A legalización da apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa que poña fin a impunidade de actuación por parte das empresas do xogo. Ante esta situación a Xunta de Galicia presentou un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente

*Grupo Parlamentar*
*Grupo Común da Esquerda*
*+ 981 551 584*
*gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal*

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:33:33
Nº Rexistro: 61718
Data envío: 16/01/2020 10:33:33.123

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.

Ademais, pese a ter prometido neste lexislatura a presentación do Proxecto de Lei, a día de hoxe seguen sen ter entrada no Parlamento a escasos dunha nova cita electoral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Cando ten pensado a Xunta de Galicia presentar o Proxecto de Lei que regula os xogos e apostas en Galicia?
- Cales son as modificacións do Anteproxecto que ten levado a cabo o Goberno en relación as demandas da sociedade e as alegacións presentadas ao mesmo para unha maior protección da saúde pública?
- Considera o Goberno que a situación actual está a garantir unha protección da saúde en relación a esta adicción?
- Que medidas teñen levado a cabo nesta lexislatura para a prevención da ludomanía?

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:33:33
Nº Rexistro: 61718
Data envio: 16/01/2020 10:33:33.123

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 16/01/2020 09:39:49**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Grupo Parlamentar*
*Grupo Común da Esquerda*
*+ 981 551 584*
*gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:35:27
Nº Rexistro: 61726
Data envío: 16/01/2020 10:35:27.265

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández** deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en comisión relativa á situación dos servizos de urxencias:**

Nas últimas semanas os servizos de urxencias dos centros sanitarios públicos están a sufrir un elevado incremento das frecuentacións, en grande medida previsto e derivado do ascenso estacional dos casos de gripe e outros problemas respiratorios.

Esta situación que se produce cada ano require, como xa temos indicado noutras ocasións, un incremento de efectivos de persoal estable nos propios servizos de urxencias para atender a sobrecarga de traballo e dar axilidade interna. Pero tamén, precisa dunha planificación e cobertura estable de persoal para as camas e unidades que acollen o incremento de ingresos parello a esta frecuentación das urxencias.

Polo tanto, con independencia de incrementos puntuais que son comprensibles en tanto en canto a asistencia aos servizos de urxencias non é lineal, non se debería normalizar de xeito estrutural a saturación dos servizos de urxencias. O cal leva a preguntarse polo grao de planificación e de cobertura de persoal de estes servizos.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

**1.- ¿ Que número de persoal de cada categoría se contratou no marco da cobertura do incremento de asistencias no servizos de urxencias de cada centro hospitalario? ¿ Cal foi a duración de eses contratos?**

**2.- ¿ Que número de persoal de cada categoría se contratou no marco da cobertura do incremento de asistencias no servizos de urxencias dos PAC? ¿ Cal foi a duración de eses contratos?**

**3.- ¿ Que número de persoal de cada categoría se contratou no marco da cobertura do incremento de asistencias no servizos de hospitalización de cada centro hospitalario? ¿ Cal foi a duración de**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**eses contratos?**

**4.- ¿ Por que non se manteñen abertas a totalidade das camas disponíbles nos hospitais galegos?**

Compostela, 11 de Xaneiro de 2020

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 15/01/2020 12:50:02**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:36:40
Nº Rexistro: 61730
Data envío: 16/01/2020 10:36:40.750

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Aínda que pendente da aprobación polo Parlamento europeo e do visto bo dos estados membros que poderían esixiren cambios, o tratado con Mercosur é un feito.

Foron España e Alemania quen maior empeño puxeron en vence-las resistencias que levantaba nos demais países membros debido ós seus efectos negativos sobre o sector agrícola. "O acordo presenta retos para os agricultores europeos e a Comisión está lista para lles axudar a superalos" Phil Hogan comisario de Agricultura.

Claro que despois sempre depende da presión que se faga desde os sectores agrícolas prexudicados e dos estados que sintan "vocación" de defensa dos intereses dos seus cidadáns.

As menores esixencias sanitarias e os prezos inferiores con que eses produtos van ser postos en Europa ameazan seriamente o rural europeo.

No noso caso, o sector da carne está a tremer polo considerable impacto que este tratado pode supoñer. E aínda que o tratado leva xestándose case 20 anos, ningún movemento de protección e defensa vimos por parte do goberno galego dese e doutros sectores ameazados.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:36:40
Nº Rexistro: 61730
Data envío: 16/01/2020 10:36:40.750

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A supresión de aranceis suporá para as empresas europeas a supresión de 4.000ME en aranceis. Sairán beneficiados a industria do automóbil, maquinaria, química ou farmacéutica e a cambio o tratado dará vía libre ás exportacións, dos países de Mercosur a Europa, que son na súa maioría produtos agrícolas e gandeiros

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a valoración que fai a consellería do impacto que este acordo pode ter para o noso medio rural?

-Ten feito algún estudo ó respecto?

-Que medidas ten tomado ou pensa tomar diante desta ameaza?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 09:45:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 09:46:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 09:46:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 09:46:18**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 09:46:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 09:46:35**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:37:34
Nº Rexistro: 61731
Data envio: 16/01/2020 10:37:34.000

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

No memorial de agravios da Xunta nesta lexislatura iniciada en 2016 ficará xa para sempre o desleixo a respecto do CAPD de Ourense; ficará no listado de indignidades.

Estamos ante unha necesidade básica –a atención integral para as persoas con diversidade funcional da provincia de Ourense máis aló dos 21 anos- non cuberta cando quedan dez meses de lexislatura. Falamos do incumprimento dos prazos dun compromiso adquirido por todas as forzas políticas en setembro de 2016, que asinamos un documento no que nos comprometíamos coa Plataforma Pro CAPD de Ourense a:

1. Que a primeira fase do proxecto de creación do CAPD en Ourense estea en pleno funcionamento en 2017.
2. A inmediata redacción do proxecto correspondente á segunda fase, cuns prazos de execución 2017-2018.
3. O centro de atención a persoas con diversidade funcional será público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

Dende o minuto un da lexislatura os grupos da oposición cumprimos, reclamando esta infraestrutura básica, e amosamos vontade de diálogo, que sempre o PP rexeitou.

Alén do atraso, dun ano, cando a Xunta de Galiza publicou a listaxe de persoas beneficiarias indicou que só foran concedidas as axudas a aquelas solicitudes puntuadas cunha nota superior a 0,541196. Todas aquelas persoas con puntuación inferior a esa nota de corte –malia cumpriren coas condicións exixidas na convocatoria-- ficaron sen axuda “por non dispor de cobertura orzamentaria”, segundo recoñeceu a Consellaría.

En 2018 presentáronse máis de 12.000 solicitudes ás axudas de aluguer –nas distintas liñas-- porén o orzamento do programa apenas chega para cubrir un terzo das

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:55:47
Nº Rexistro: 61743
Data envío: 16/01/2020 10:55:47.382

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmas. Neste senso, malia que a resolución de convocatoria e o propio convenio asinado entre a Xunta de Galiza e o Goberno español prevé a posibilidade de introducir mudanzas orzamentarias para atender a demanda dos distintos programas, o Goberno galego optou por deixar tiradas milleiros de persoas.

A mocidade galega atópase nunha situación que imposibilita a súa emancipación. De facto, Galiza sitúase –segundo os datos do Observatorio de Emancipación estatal-- como a terceira comunidade con menor emancipación entre os 25 e 29 anos.

Isto débese ás precarias condicións laborais e salariais que padece a mocidade mais tamén á ausencia dunha política pública e social de vivenda no noso país desde hai unha década.

Exemplo diso é que máis de 4.000 mozas e mozos están inscritos no Rexistro de demandantes de Vivenda Protexida da Xunta, principalmente en aluguer. Unha listaxe de agarda que non avanza pola escasísima oferta de arrendamento público.

A vivenda é un dereito e a Xunta de Galiza é responsábel de o garantir, tamén e especialmente para a mocidade que debe contar coas condicións necesarias para desenvolver un proxecto de vida autónomo e independente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Por que demorou un ano a Xunta de Galiza en resolver as axudas ao aluguer para menores de 35 anos?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 10:55:47
Nº Rexistro: 61743
Data envio: 16/01/2020 10:55:47.382

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas persoas solicitaron en total as axudas? Cantas foron concedidas? Cantas persoas cumprían os requisitos e viron denegada a súa solicitude por falta de orzamento?

- Vai convocar a Xunta de Galiza estas axudas en 2019? De ser así, cando?

- Cre o Goberno galego que está a garantir o dereito de acceso a vivenda á mocidade galega?

Santiago de Compostela, 07 de agosto do 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/08/2019 11:57:25**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/08/2019 11:57:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/08/2019 11:57:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/08/2019 11:57:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/08/2019 11:58:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/08/2019 11:58:10**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:04:30
Nº Rexistro: 61744
Data envio: 16/01/2020 11:04:30.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que o Sergas deixe de practicar o obstrucionismo co concello de Moaña e proceda de inmediato a construír o centro de saúde.

O concello de Moaña, con arredor de vinte mil habitantes, non dispón dun centro de saúde do Sergas, a atención sanitaria recíbena nun Centro Social do Mar, que foi adaptado para permitir a prestación sanitaria. Por iso levan anos demandando a construción dun centro de saúde que responda ás necesidades de asistencia sanitaria de calidade.

No 2011, cun Goberno do PP no concello, realizouse unha modificación parcial do PXOM onde se estableceu unha parcela de 2066 metros cadrados na zona de Sisalde para cubrir co que se precisaba de dotación sanitaria . En 2017 puxo en coñecemento da Consellería de Sanidade que ían poñer a disposición esta parcela para a construción do centro de saúde.

Unha parcela de 2066 m2 completamente edificábeis, con certificación urbanística que avala que permite unha edificabilidade de 7.750,76 m2. O concello púxose a traballar nos trámites urbanísticos, para urbanizar a zona e



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:04:30
Nº Rexistro: 61744
Data envio: 16/01/2020 11:04:30.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permitir poñer a parcela a disposición da Xunta canto antes. Xa ten asinado un acordo coas persoas propietarias de Sisalde onde existe solo reservado para dotación sanitaria, segundo a ficha incluída no PXOM, e ten reservado no orzamento unha partida de 300.000 euros para proceder á construción da rúa para dar acceso á parcela.

A partir de aí empezan a xurdir os problemas por parte da Consellaría de Sanidade. A Directora de Recursos Económicos do SERGAS o 27 de marzo, remite escrito ao concello comunicando que a parcela proposta polo concello para construír o centro de saúde non é considerada axeitada. Reclama unha parcela de 3100 metros cadrados, baixo a xustificación de que o tamaño da mesma é “clave para non hipotecar o futuro do Centro de Saúde” e que “a tendencia xeral, é a de tentar realizar os Centros de Saúde de forma ideal nas menos plantas posibles, ou integramente en planta baixa”.

Chama poderosamente a atención esta posición por parte do Sergas, toda vez que en agosto de 2018 tiña comunicado que a previsión era construír un edificio de 1500 m2 por planta, e que a parcela de Moaña é a mesma que figura na aprobación parcial del PXOM de 2011 para dotación sanitaria, e a que prantexou naquela altura alcalde do Partido Popular José Fervenza, e a que nunca se lle puxera ningún problema.

Do mesmo xeito sorprende a referencia ao “Plan de Necesidades de Atención Primaria de Cangas-Moaña”, xa que a vinculación ao mesmo é rexeitado tanto polo Concello de Moaña como pola veciñanza, xa que conlevaría

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:04:30
Nº Rexistro: 61744
Data envio: 16/01/2020 11:04:30.713

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perda de servizos básicos coma o P.A.C ou a odontoloxía no novo centro de Saúde.

Todo indica que estamos diante dunha política de sectarismo contra un concello polo feito de non estar gobernado polo Partido Popular, dunha manobra de dilación e obstrución por parte do Sergas para non dotar @s veciñ@s de Moaña do centro de saúde que precisan para poder recibir unha asistencia sanitaria de calidade.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a razón para que por parte do Sergas se estean poñendo todo tipo de atrancos para non construír canto antes o Centro de Saúde que precisa o concello de Moaña?

-Cal é a razón pola que o SERGAS non procede a asinar un convenio co concello de Moaña que recolla a construción dun novo centro de saúde na parcela reservada no PXOM na zona de Sixalde de 2.066,87 m2, e que polos parámetros urbanísticos vixentes permite unha edificabilidade de 7.750,76 m2 segundo certifica o Arquitecto Municipal?

-Por que pretende vincular a dimensión do centro de saúde co “Estudio de necesidades sanitarias de Cangas e Moaña”, non compartido nin polo Concello nin pola veciñanza, pola implicación que conlevaría de perda de servizos básicos coma o P.A.C ou a odontoloxía no novo centro de Saúde?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:04:30
Nº Rexistro: 61744
Data envio: 16/01/2020 11:04:30.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a razón de que non se teña concedido a reunión urxente solicitada polo concello de Moaña co Conselleiro de Sanidade, na que poidan participar as persoas representantes das entidades membros da Mesa Local da Sanidade do Concello de Moaña, co obxecto de aclarar e resolver a situación actual, dada a necesidade de construción dun centro de saúde na nosa vila, cando si se ten reunido co portavoz do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 10:25:40**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:04:30
Nº Rexistro: 61744
Data envio: 16/01/2020 11:04:30.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 10:25:49**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 10:25:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 10:26:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 10:26:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 10:26:18**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:06:28
Nº Rexistro: 61745
Data envío: 16/01/2020 11:06:28.136

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar diante das carencias que ten o centro de saúde de Ogrobe.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como "a porta de entrada", como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do estabelecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de "casos puntuais" como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:06:28
Nº Rexistro: 61745
Data envio: 16/01/2020 11:06:28.136

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Ogrobe responde á situación descrita, onde a política de persoal levada a cabo polo Sergas ten ocasionado unha sobrecarga asistencial moi importante, ao ter que facer @s profesionais o traballo d@s que non son substituíd@s, dando lugar a listas de espera para conseguir cita de máis dunha semana.

Á situación de falta de persoal hai que sumar o lamentábel estado das instalacións que cabe cualificar de terceiromundistas, nun cumprindo coas medidas de accesibilidade, só ten comunicación interior entre os dous andares por unhas escadas, baño para persoas con discapacidade só nun dos andares, salas de agarda con ventilación e iluminación deficiente, portas de entrada cun ancho insuficiente para o acceso en cadeira de rodas...

O BNG súmase ás demandas d@s profesionais e da veciñanza de que é preciso dotar ao centro de saúde dos profesionais precisos, no 2018 realizándose arredor de 2000 consultas máis que no ano anterior con menos profesionais, e dun novo centro de saúde tanto para que @s veciñ@s de Ogrobe poidan reciban unha asistencia sanitaria de calidade como para que @s profesionais desempeñar o seu traballo con dignidade.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego faise eco do acordo plenario aprobado por unanimidade da Corporación do Concello de Ogrobe que nos foi remitido aos grupos parlamentares e presentamos as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 5ª:

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:06:28
Nº Rexistro: 61745
Data envio: 16/01/2020 11:06:28.136

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai atender o do acordo plenario aprobado por unanimidade da Corporación do Concello de Ogrobe sobre as carencias de persoal e a construción dun novo centro de saúde?

-Vai proceder á substitución completa, inmediata e permanente de tod@s @s profesionais ausentes, sexa por baixa, vacacións ou xubilación no centro de saúde de Ogrobe?

-Vai proceder ao aumento de persoal ou reforzos puntuais na atención, se mesmo así as consultas de atención ordinaria continuasen a ter unha demora superior ao admisíbel (24-48 horas)?

-Vai proceder ao aumento do persoal de enfermería cunha nova enfermeira para pediatría de xeito que cada un dos cupos conte coa súa propia enfermeira/o?

-Vai proceder ao reforzo do persoal do PAC desde o 1 de xullo até o 15 de setembro, así como na Semana Santa e durante a celebración da Festa do Marisco con dotación completa, e dicir, médic@ e enfemeir@?

-Vai proceder ao inicio xa das actuacións e estudos pertinentes, dotándoos orzamentariamente para poder iniciar de inmediato a construción dun novo centro de saúde en canto o Concello teña dispoñibilidade efectiva dos terreos que existen para tal efecto na zona das Touzas?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:06:28
Nº Rexistro: 61745
Data envio: 16/01/2020 11:06:28.136

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 10:33:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 10:33:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 10:35:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 10:35:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 10:35:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 10:35:30**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:07:51
Nº Rexistro: 61746
Data envio: 16/01/2020 11:07:51.527

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de garantir a equidade en toda Galiza na atención do servizo de rehabilitación e a inclusión da terapia ocupacional no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes do Colexo Oficial de Terapeutas Ocupacionais reuníronse co Grupo Parlamentar do BNG para trasladarnos información e a súa preocupación pola falta de recursos e de equidade para acceder ao servizo de terapia ocupacional no Sergas.

A Terapia Ocupacional é unha profesión sanitaria titulada e regulada na Lei 44/2003, de 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias como profesión de carácter diplomado. A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais define a disciplina como

unha profesión da saúde centrada na persoa, que ten como obxectivo a "promoción da Saúde e o Benestar a través da ocupación", de xeito que a misión destes/as profesionanis é a intervención máis adecuada, cun papel activo da persoa



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:07:51
Nº Rexistro: 61746
Data envío: 16/01/2020 11:07:51.527

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que contribúa a preservar, promover, manter e/ou mellorar a saúde, o benestar e a participación na comunidade.

Segundo a lei mencionada correspóndelles @s Diplomad@s Universitarios en Terapia Ocupacional a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tenden a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento destas funcións.

Os ámbitos de actuación nos que @ terapeuta ocupacional pode desenvolver o seu labor son diversos, ao igual que as poboacións coas que traballa e o tipo de intervención que aplica. É especialmente relevante no ámbito sanitario e socio-sanitario: Equipos de Atención Primaria e Hospitalaria, Atención temperá, servizos de Medicina Física e Rehabilitación,oncoloxía, unidades de coidados paliativos, psicoxeriatría, rehabilitación neurolóxica (adquirida e neurodexenerativa) saúde mental, residencias e centros de día...

Segundo a información de nos traslada COTOGA (Colexio Terapeutas Ocupacionsis de Galiza), hai arredor de 40 terapeutas ocupacionais prestando servizos no SERGAS, cun reparto irregular ao longo dos distintos servizos hospitalarios, practicamente inexistente nos hospitais comarcais e é inexistente en Atención Primaria.

As ratios de profesionais non permite proporcionar servizos de suficiente calidade á poboación galega. Así mesmo existe unha clara inequidade en Galiza en canto ao acceso ao servizo de terapia ocupacional, de xeito que son centos as persoas con problemas de saúde que poden derivar en situacións de dependencia e limitacións para a participación, que ven suprimido o seu dereito fundamental á



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:07:51
Nº Rexistro: 61746
Data envio: 16/01/2020 11:07:51.527

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saúde, xa que non reciben o tratamento interdisciplinario adecuado e necesario para unha correcta rehabilitación das súas dificultades de autonomía persoal e participación na comunidade.

En definitiva a oferta de Terapia Ocupacional que ofrece o Sergas é moi deficiente, de xeito que @s doentes que precisan esta atención de forma xeneralizada, están sendo derivad@s a centros "concertados" ou teñen que acudir á asistencia privada, a pesar de que teñen dereito a recibir atención no ámbito público, xa que está recollida na carteira de servizos.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que acción vai realizar o Goberno galego para garantirlle @s galeg@s a atención universal a Terapia Ocupacional de xeito que todas as persoas que requiran logopedia poidan ter acceso a ela sen demoras e próxima ao seu domicilio?

Vai proceder a Xunta ao incremento do cadro de persoal de terapeutas ocupacinais no Sergas que permita equiparar os equipos de rehabilitación en todas as áreas sanitarias , de xeito que todas conten con rehabilitación física (tanto adquirida como dexenerativa), rehabilitación pediátrica e saúde mental, con dotación como mínimo de fisioterapeutas, logopedas, terapeutas ocupacionais e psicólog@s nas equipas de rehabilitación de todos os hospitais?

Vai proceder á dotación de terapeutas ocupacionais en Atención Primaria?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:07:51
Nº Rexistro: 61746
Data envio: 16/01/2020 11:07:51.527

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón de non ter incluído ao Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais no Consello Asesor Técnico de Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 17:20:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 17:20:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 17:20:54**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 17:21:03**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 11:07:51
Nº Rexistro: 61746
Data envio: 16/01/2020 11:07:51.527

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 17:21:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 17:26:56**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 12:48:57
Nº Rexistro: 61769
Data envio: 16/01/2020 12:48:57.019

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia recoñeceu uns dereitos que non se desenvolveron por falta de financiamento, coa escusa da crise de 2008, deixando a milleiros de persoas agardando por servizos e prestacións e con dereitos recoñecidos non desfrutados.

No noso País hai (31/8/2019) 79.871 persoas recoñecidas como dependentes con dereito a prestación (DATOS: IMSERSO), das cales, a maioría de Grao III (23,24%). Destas, 69.115 teñen prestación, polo que hai 10.756 persoas con dereitos recoñecidos que aínda non desfrutan de prestación, un 13,4%, porcentaxe que aumentou nos últimos meses, aumentando así o chamado "limbo da dependencia".

As solicitudes rexistradas para recibir prestacións por dependencia elévanse en agosto de 2019 a 80.256, das cales foron resoltas 79.871. En relación á poboación total galega, as solicitudes representan o 2,97%, fronte ao 3,94% de media estatal; en relación á poboación potencialmente dependente, a cobertura foi do 6,4%, fronte á media estatal de 8,5% (datos de 2017).

O Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, que regula o procedemento de recoñecemento da Dependencia en Galicia, fixa 3 meses para valorar o grao de dependencia, e outros 3 para a asignación de recurso (elaboración do PIA). Na práctica, non se cumpre ningún dos prazos en relación á Dependencia. Dependendo da prestación, pódese tardar 8 meses só na valoración, aínda que non hai datos claros porque a Xunta é moi opaca sobre a información desagregada por provincias e tipo de prestación.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En 2018, aumentaron as queixas ante a Valedoría do Pobo en relación a atrasos das prestacións do Sistema de Atención á Dependencia, especialmente por atrasos na avaliación.

En canto ao tempo de tardanza na asignación de recurso, por exemplo, a media de agarda por unha prestación en residencia de maiores era (segundo o estudo do Consello de Contas referido a 2016) de 491,74 días (dende o inicio do procedemento, que inclúe a valoración e a asignación do recurso). Ademais, as persoas afectadas non coñecen a previsión de ingreso. A Consellería de Política Social trasladou á Valedoría do Pobo que se implementarían medidas para axilizar as valoracións, como a "simplificación administrativa; a mellora da xestión e notificación das citas, con optimización das rutas e implantación da confirmación a través de SMS; a potenciación da utilización da historia social única; a priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia; a modificación da orde dos programas de asignación de recursos; e o reforzo de persoal."

A Asociación Agasdep lamentaba este ano que "a Xunta non transmite en que punto se atopan as tramitacións de peticións e que chegou a extraviar expedientes de persoas, que chegaron a agardar ata tres anos a que se lles asigne servizo"; ademais, sinalaba que a Xunta "non é clara" ao informar do número de persoas usuarias dos seus recursos de Dependencia.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Cando vai a Xunta cumprir cos prazos establecidos para a valoración e asignación de PIA do Sistema de Atención á Dependencia?

- Cal é a actual lista de agarda para as valoracións de Dependencia?

- Cal é a actual lista de agarda para as valoracións de Dependencia en cada provincia?

- Cal é a actual lista de agarda para as valoracións de Dependencia en cada servizo e prestación?

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Que medidas das sinaladas á Valedoría do Pobo para axilizar as valoracións e resolucións do PIA implementou a Xunta e cando?

- Ten a Xunta unha estimación de cantas persoas faleceron en 2018 e 2019 agardando por unha valoración ou polo PIA?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 16/01/2020 12:46:08**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 13:06:58
Nº Rexistro: 61772
Data envio: 16/01/2020 13:06:58.901

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicou a Orde do 12 de decembro de 2019 *pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cun crédito orzamentario de 4 millóns de euros para obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública; pavimentación de camiños públicos municipais; construción, mellora e ampliación de parques infantís, cubrición de parques infantís ou construción de novos parques infantís cubertos; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias ou para a construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.*

Os posibles beneficiarios da dita subvención son os concellos galegos que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo coas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2018, publicadas polo Instituto Galego de Estatística; e a axuda máxima poderá financiar ata o 80 % do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e 50.000 euros para as solicitudes conxuntas e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal ou en proceso de fusión.

No artigo 11 da dita orde establécense os criterios de avaliación que, entre outros, outorga 30 puntos, dos 100 puntos máximos, para a solicitude dunha entidade resultante ou en proceso de fusión municipal, ou para a presentación conxunta de solicitude entre varios concellos (cun mínimo de 15 puntos).

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 13:06:58
Nº Rexistro: 61772
Data envío: 16/01/2020 13:06:58.901

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos obxectivos acadados con esta subvención nesta X Lexislatura?

2ª) Considera o Goberno galego que a dotación orzamentaria para esta subvención nos últimos tres anos é suficiente para que os concellos de menos de 30.000 habitantes poidan crear e/ou mellorar infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais?

3ª) Cantos concellos e cales se teñen beneficiado con estas subvencións nesta X Lexislatura?

4ª) Ten realizado o Goberno galego algún estudo que demostre que a solicitude conxunta incide na "mellora das condicións de vida das persoas residentes nas áreas rurais a través da mellora das dotacións existentes de infraestruturas básicas e do fomento da implantación e a reforma dos servizos básicos demandados pola poboación rural, proporcionándolle aqueles que cubran as súas principais necesidades, facilitando a implantación de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación, e procurando satisfacer as novas necesidades dos habitantes e das empresas das áreas rurais" tal e como se establece na exposición de motivos da dita orde de subvencións?

5ª) Cales son os obxectivos perseguidos para que os dous concellos fusionados que hai en Galicia, Oza-Pontecesures o Cerdedo-Cotobade, reciban 30 puntos de 100 só por presentar a solicitude de subvencións?

6ª) Recibiron os concellos fusionados Oza-Pontecesures e Cerdedo-Cotobade subvencións consonte a esta convocatoria nesta X Lexislatura? Se for o caso, cal é o importe total recibido nesta lexislatura por cada un dos concellos fusionados?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 12:58:50**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 12:59:06**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 13:06:58
Nº Rexistro: 61772
Data envío: 16/01/2020 13:06:58.901

**María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 12:59:21**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61793
Data envío: 16/01/2020 16:22:23.054

Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Na data do 3 de outubro de 2019, o Grupo Parlamentario Socialista presentou iniciativas relacionadas coa Orde  TMS 941/2019, do 6 de setembro, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio de 2019, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións adicionais de ámbito das políticas activas de emprego financiadas con cargo aos orzamentos xerais do  Estado.

Preguntabamos en que momento se ía  realizar o chamamento dos orientadores e orientadoras laborais e en virtude de que méritos.

A normativa que regula o programa nomeado nesta orde, no que se refire á súa distribución territorial e ás condicións relativas aos fondos orzamentarios aplicables, condicións de xestión  e a súa temporalidade, son:

- A Orde ESS 621/2017, do 20 de xuño.
- A Orde ESS/1119/2017, do 16 de novembro.
- A Orde TMS/658/2018, do 18 de xuño.
- A Orde TMS 0910/2018, do 31 de agosto.
- A Orde TMS 941/2019, do 6 de setembro

Esta última no seu artigo 5 di: "*Con los créditos consignados en la aplicación 19.101.241-A-454.70 se financiará la medida destinada a reforzar los servicios públicos de empleo de las Comunidades Autónomas mediante la contratación por el tiempo determinado de nuevas personas dedicadas a labores de orientación de personas desempleadas para favorecer su inserción, así como llevar a cabo labores de prospección de trabajo.*"

No propio Anexo IV desta orde recóllese a asignación do número de persoas dedicadas a labores de orientación e/ou prospección de emprego a contratar por cada Comunidade Autónoma con cargo aos fondos destinados na aplicación 19.101.241-A-454.70 , correspondéndolle a Galicia un total de 188 persoas.

No Decreto 37/2006 de funcionamento das listas de substitucións, os chamamentos de persoal nelas, realízanse de acordo á duración, orzamento e

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61793
Data envio: 16/01/2020 16:22:23.054

vixencia do programa temporal, sempre en períodos máximos de tres anos, prorrogables ata 12 meses, pero non mantendo o persoal contratado para un programa para asinalo a outro distinto, con orzamento distinto e vixencia distinta.

Segundo a información facilitada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, esta ten a intención de manter ás 130 persoas contratadas, renovando os actuais contratos dos orientadores laborais contratados a partir do programa LPD e contratar só a 11 novos a través das listas de contratación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Procedeuse á contratación dos 188 orientadores laborais asignados á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude de Resolución do 8 de abril de 2019 e Orde TMS 941/2019?

2ª) Procedeuse a novas contratacións ou á renovación de 130 contratos de orientadores adscritos anteriormente a outro programa?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que esta pretensión da Consellería de Economía, Emprego e Industria de proceder á renovación contractual dos/as orientadores/as que actualmente prestan servizo temporalmente ao abeiro do programa de "Acción conxunta de mellora de atención a Parados de Longa Duración" para ser asignados aos novos programas estatais ("Plan de Choque polo emprego xoven " e "Reincorpóra-T") se axusta a dereito?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que esta pretensión da Consellería de Economía, Emprego e Industria vulnera a normativa de funcionamento das listas (Decreto 37/ 2006)?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 16:17:17**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 16:17:23**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61794
Data envío: 16/01/2020 16:22:50.367

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Teresa Porritt Lueiro, Begoña Rodríguez Rumbo, María Carmen Rodriguez Dacosta e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Na data do 3 de outubro de 2019, o Grupo Parlamentario Socialista presentou iniciativas relacionadas coa Orde TMS 941/2019, do 6 de setembro, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio de 2019, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións adicionais de ámbito das políticas activas de emprego financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Preguntabamos en que momento se ía realizar o chamamento dos orientadores e orientadoras laborais e en virtude de que méritos.

A normativa que regula o programa nomeado nesta orde, no que se refire á súa distribución territorial e ás condicións relativas aos fondos orzamentarios aplicables, condicións de xestión e a súa temporalidade, son:

- A Orde ESS 621/2017, do 20 de xuño.
- A Orde ESS/1119/2017, do 16 de novembro.
- A Orde TMS/658/2018, do 18 de xuño.
- A Orde TMS 0910/2018, do 31 de agosto.
- A Orde TMS 941/2019, do 6 de setembro

Esta última no seu artigo 5 di: "*Con los créditos consignados en la aplicación 19.101.241-A-454.70 se financiará la medida destinada a reforzar los servicios públicos de empleo de las Comunidades Autónomas mediante la contratación por el tiempo determinado de nuevas personas dedicadas a labores de orientación de personas desempleadas para favorecer su inserción, así como llevar a cabo labores de prospección de trabajo.*"

No propio Anexo IV desta orde recóllese a asignación do número de persoas dedicadas a labores de orientación e/ou prospección de emprego **a contratar** por cada Comunidade Autónoma con cargo aos fondos destinados na aplicación 19.101.241-A-454.70, correspondéndolle a Galicia un total de 188 persoas.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61794
Data envío: 16/01/2020 16:22:50.367

No Decreto 37/2006 de funcionamento das listas de substitucións, os chamamentos de persoal nelas, realízanse de acordo á duración, orzamento e vixencia do programa temporal, sempre en períodos máximos de tres anos, prorrogables ata 12 meses, pero non mantendo o persoal contratado para un programa para asinalo a outro distinto, con orzamento distinto e vixencia distinta.

Segundo a información facilitada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, esta ten a intención de manter ás 130 persoas contratadas, renovando os actuais contratos dos orientadores laborais contratados a partir do programa LPD e contratar só a 11 novos a través das listas de contratación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Procedeuse á contratación dos 188 orientadores laborais asignados á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude de Resolución do 8 de abril de 2019 e Orde TMS 941/2019?

2ª) Procedeuse a novas contratacións ou á renovación de 130 contratos de orientadores adscritos anteriormente a outro programa?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que esta pretensión da Consellería de Economía, Emprego e Industria de proceder á renovación contractual dos/as orientadores/as que actualmente prestan servizo temporalmente ao abeiro do programa de "Acción conxunta de mellora de atención a Parados de Longa Duración" para ser asignados aos novos programas estatais ("Plan de Choque polo emprego xoven " e "Reincorpóra-T") se axusta a dereito?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que esta pretensión da Consellería de Economía, Emprego e Industria vulnera a normativa de funcionamento das listas (Decreto 37/ 2006)?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 16:15:17**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2020 16:15:33**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61794
Data envío: 16/01/2020 16:22:50.367

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/01/2020 16:15:54**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 16:16:08**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61797
Data envío: 16/01/2020 16:24:25.711

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A publicación do decreto 384/1991 do 7 de novembro, comezaba o proceso do que naquel entón era chamado proceso de concentración parcelaria no que se falaba da urxencia na execución polo interese social que supoñía para a zona de Lago, Meirás e O Val nos concellos de Narón e Valdoviño.

A pesar desta suposta urxencia a realidade é que o proceso hoxe chamado de reestruturación parcelaria atópase aínda sen rematar sendo que a Xunta publicaba o mércores, 27 de abril de 2016 no DOG número 80 o ANUNCIO do 13 de abril de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se publica a toma de posesión das leiras de substitución da zona de concentración parcelaria de Val-Meirás-Lago II (Narón/Valdoviño-A Coruña). A través do cal se fai a toma de posesión provisional das novas fincas.

Con este anuncio entrase na fase final dun proceso que a pesar do carácter urxente que lle daba o Decreto 384/1991, arrincou hai 27 anos.

En outubro de 2018 as persoas propietarias son coñecedoras das súas novas parcelas e onde teñen o dereito de explotación das novas leiras, pero seguen agardando a que a Xunta de Galicia lles faga entrega dos títulos de propiedade.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

1ª) En que situación se atopa a elaboración dos títulos de propiedade definitivos aos propietarios das novas parcelas na reestruturación parcelaria Lago - Meirás - Val II, nos concellos de Narón e Valdoviño?

2ª) Cal e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para entregar os títulos de propiedade definitivos aos propietarios das novas parcelas na

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61797
Data envio: 16/01/2020 16:24:25.711

reestruturación parcelaria Lago - Meirás - Val II, nos concellos de Narón e Valdoviño?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2020 16:13:17**

**Oscar Vilar Chento na data 16/01/2020 16:13:41**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 16:54:59
Nº Rexistro: 61813
Data envio: 16/01/2020 16:54:59.301

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Xan Xove González**, deputada e deputado do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 8ª.**

Traballadores e traballadoras dos seis centros da firma coruñesa de procesado e distribución de peixe Isidro 1952 iniciaron o 9 de xaneiro unha folga indefinida fronte ao ERE de extinción, que pode supor o despedimento de traballadores, así como recortes nas condicións laborais.Trátase da fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do polígono do Espírito Santo, en Cambre; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; o criadeiro de rodaballo de Lorbé, en Oleiros, e o criadeiro de ollomol de Valdoviño.

A empresa comunicou o 4 de decembro un ERE de extinción para 136 dos/as 225 traballadores/as, un 60% da plantilla. Ademais, a situación que pretende implantar a empresa conlevaria a rebaixa dos salarios até o mínimo recollido nos convenios de aplicación (o que nalgúns casos suporía percibir até 300 euros mensuais menos) e uns ritmos e cargas de traballo imposíbeis de realizar. A dirección de Isidro 1952 formulou o despedimento colectivo e o recorte nas condicións laborais e salariais estando en situación de preconcurso.

Practicamente o 100% do persoal está secundando a folga convocada na empresa para demandar a paralización do ERE de extinción e á modificación substancial das condicións laborais e salariais que a dirección pretende aplicar. Ademais, con

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

esta medida de presión as traballadoras e os traballadores tamén esixen o cobro dos seus salarios, xa que teñen pendente de percibir parte da nómina de novembro e todo o soldo de decembro. A empresa ten unha débeda que, segundo os sindicatos, ascende aos 78 millóns de euros e deses, 23 millóns serían adebedados á propia Xunta. O comité de empresa pediulle á Xunta que paralizase o ERE e se comprometa co futuro da empresa. A Xunta ten unha gran responsabilidade e debe involucrarse , vixiando como e en que se gastaron as axudas públicas concedidas, xa que esta empresa foi avalada con moitos millóns de cartos da Xunta.

Galicia non se pode permitir perder un centro de traballo da magnitude de Isidro 1952, cando é referencia nun sector estratéxico para Galicia como o da transformación e a distribución de produtos do mar, e logo de ter recibido millonarias axudas públicas nos últimos anos. A Xunta non pode poñerse de perfil ante esta situación tan grave nun sector de traballo intensamente precarizado.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta:

1. Que contactos mantivo a Xunta de Galicia coa dirección da empresa e a representación das traballadoras?
2. Recibiu esta empresa axudas públicas da Xunta de Galicia? A que contía ascenden?
3. Vai realizar unha investigación de como se xestionaron estas axudas por parte da empresa?
4. Que actuacións ten previsto a Xunta para que as traballadoras e traballadores

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

cobren os salarios que lles adebeda a empresa?

5. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir os postos de traballo e evitar un retroceso nas condicións laborais nas factorías de Isidro 1952?
6. Que xestións está a realizar á Xunta de cara a solventar a viabilidade da empresa sen recortes en plantilla e salarios?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Xan Xove González

Deputada e deputado do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2020 16:39:32**

**Xan Xosé Jove González na data 16/01/2020 16:39:44**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:28:01
Nº Rexistro: 61821
Data envío: 16/01/2020 17:28:01.095

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar diante da grave situación da empresa Isidro 1952.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Isidro 1952, continuadora directa da antiga Isidro de la Cal, é por envergadura e historia unha empresa emblemática dentro das industrias do mar nucleadas arredor do porto da Coruña. Falamos dunha firma líder durante décadas na exportación de peixe fresco, que deu no seu día o salto á elaboración de conxelados e que acometeu a principios deste século un importante salto de modernidade ao abrir no polígono do Espírito Santo no concello de Cambre unha factoría con capacidade para procesar peixe, cefalópodos, crustáceos e moluscos valorada en máis de 100 millóns de €. A actividade desta empresa a mediados desta década recibiu un novo e importante impulso na elaboración de produtos con alto valor engadido ao incorporar a que pasa por ser a mellor e maior liña de produción de sushi do estado español.

Desta expansión da conta a existencia de seis centros que ten a empresa: fábrica de conxelado, ultraconxelado e fabricación de produtos do mar do Polígono do Espírito Santo; piscifactorías de troitas de Carballo, Baio e Louro; criadeiro de rodaballo de Lorbé; e criadeiro de ollomol de Valdoviño e 225 postos de traballo.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia garantir a venda inmediata da práctica totalidade da súa produción, como demostra a inxente carga de traballo soportada polo seu cadro de persoal e as cifras declaradas de facturación, que en determinadas anualidades chegaron a superar os 50 millóns de €, foi incapaz de minguar unha débeda que, segundo fontes do comité de empresa, supera os 70 millóns de €.

A empresa ten unha importante actividade na cría de peixe, xa que ademais do rodaballo e as troitas, sobresae, por ser a primeira e única firma do mundo en criar e comercializar ollomol, sendo pois un emblema do sector mar a nivel internacional, que mantén a duras penas, xa que, segundo a información que nos  trasladan, non se está alimentando de xeito adecuado aos alevíns, polo que se está a producir unha mortaldade moi importante.

Segundo a información que se nos facilitou a empresa presenta graves, e dificilmente explicábeis, problemas de xestión que fan perigar seriamente a pervivencia da mesma e con ela os postos de traballo, cunha presenza de mulleres importante, a xornada completa, indefinidos e cunha alta cualificación profesional.

Neste contexto xustificou a presentación dun ERE que afecta a 136 persoas e a modificación substancial  das condicións salariais e laborais do resto, o atraso no pagamento de nóminas e a declaración de  concurso de acredores esta mesma semana, a petición da titularidade da empresa.

Segundo a información facilitada polo comité de empresa, ao longo dos últimos anos, tanto Isidro de la Cal como Isidro 1952 teñen recibido importantes axudas públicas por parte da Xunta de Galiza a través de diversas liñas de axuda de distintos departamentos  podendo sobrepasa os 20 millóns de €.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:28:01
Nº Rexistro: 61821
Data envio: 16/01/2020 17:28:01.095

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta grave situación formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Que fiscalización fai a Xunta de Galiza das empresas ás que lle concede axudas para garantir o bo uso dos recursos públicos?

2.- Que actuacións vai realizar a Xunta de Galiza para garantir o mantemento dos 225 empregos e o futuro da actividade produtiva, comprometida a causa da débeda económica e da nefasta xestión empresarial dos últimos anos? Está traballando a Xunta en algún plan de viabilidade?

3.- Ten mantido contactos ou algún tipo de iniciativa o goberno galego con acredores, potenciais inversores, clientes, sociedades ou entidades do sector de cara a buscar unha saída á crise da empresa?

4.- Cantas, en que conceptos, con que importes e en que datas foron as axudas destinadas pola Xunta á Isidro de la Cal e Isidro 1952?

5.- Que control, seguimento e/ou fiscalización houbo desas axudas e do estado xeral da empresa ao longo dos anos?

6.- Existen peticións de axuda por parte da empresa que non foran atendidas?

7.- Que actuacións ten realizado diante da situación de abandono denunciada dos alevíns de peixe?

8.- Que valoración fai o goberno galego da actual situación da empresa?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:28:01
Nº Rexistro: 61821
Data envio: 16/01/2020 17:28:01.095

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:23:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:23:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:23:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:23:34**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:23:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:23:49**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:41:03
Nº Rexistro: 61823
Data envio: 16/01/2020 17:41:03.678

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Mª de los Ángeles Cuña Bóveda, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa respota oral en Comisión 2ª.**

O tren convencional atópase nun situación crítica, nun punto aínda reversible pero achegándose -e leva xa moitos anos- a un punto que pode chegar a ser de non retorno. A deterioración e desmantelamento das liñas e servizos de trens convencionais, cercanías e rexionais de media distancia e os de longa distancia, como resultado do nulo interese político e o abandono institucional, é un proceso que leva xa tres décadas xestándose publicamente.

Toda a política ferroviaria de desmantelamento do tren convencional, alicerce sobre o que descansaba o mito do AVE, tamén pareceu racharse por momentos motivado non só polas malas decisións técnicas en materia de transporte e pola crise económica senón, tamén, por certos promotores políticos que fomentaron un modelo de transporte inxusto socialmente.

O declive do ferrocarril como medio de transporte enmárcase nunha ordenación territorial que antepón os intereses da industria e das grandes finanzas ás necesidades da xente. O predominio doutros medios de transporte dificultou calquera política que pretendese un sistema de transporte máis racional social e ambientalmente.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

O ferrocarril convencional é o medio de transporte social por excelencia, prestando un servizo alcanzable a toda a sociedade que se beneficia directamente deste servizo e indirectamente do seu respecto ao medio ambiente, a súa menor accidentalidade e a integración territorial que fomenta.

A realidade do modelo ferroviario galego atópase ante unha encrucillada: por unha banda, un tren convencional exhausto por décadas de anos de deliberadas e interesadas decisións políticas; e polo outro, o AVE, causa dun gran endebedamento público e de moi pouca utilidade como alternativa futura aos retos que terá que afrontar o ser humano (esgotamento de combustibles fósiles, desigualdades sociais crecentes e cambio climático).

En definitiva, está en cuestión non só o modelo de ferrocarril, senón o modelo de transporte, a relación entre os distintos modos e se o equilibrio entre eles debe ter como obxectivo conseguir beneficios económicos, reducir custos ou beneficiar á sociedade.

O desmantelamento dun servizo público socialmente necesario

Segundo un estudo publicado no ano 2013, Galicia perdeu 48 das 124 estacións que había entón, o 38%. Nese mesmo ano 2013, Renfe suprimía os 14 servizos semanais do tren rexional Ourense-Puebla de Sanabria. Non foi o único percorrido que sufriu alteracións. O ADIF, Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, privatizou a xestión de estacións de tren do rural, como as de Ribadavia, Carballiño, O Barco e A Rúa, o que provocou a merma da calidade do servizo, pola falla de atención ao público, a venda de billetes en xanela e que

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

pasaron de ter varias paradas de tren ao longo do día a reducirse as frecuencias e quedando fóra das novas conexións rápidas. Trens sen capacidade obrigando aos usuarios a ir de pé ou sen ocos para as maletas, cunha viaxe de 100 minutos ata a capital galega.

Para favorecer a privatización dun servizo tan amplo e complexo como o ferrocarril, o primeiro que hai que facer é fragmentalo para vender os anacos, sen ter en conta que eses anacos teñen que estar intimamente relacionados. Sen a menor análise, botan man de fórmulas como que o que vale para a enerxía vale para o transporte, o que vale para o transporte en xeral vale para o ferrocarril en particular. O único resultado que se consegue con esta fórmula é proporcionar ao capital ganancias inmensas á conta do que é de todos.

Cando falamos do público, referímonos especificamente a un servizo que ten que ser propiedade da sociedade, que debe estar orientado á satisfacción das súas necesidades e que debe contar coa participación directa da sociedade, dos usuarios e dos traballadores/ as. O ferrocarril debe seguir sendo un servizo público, no que debe primar, por encima de calquera consideración economicista, o beneficio social que supón para o conxunto da comunidade.

O ferrocarril público, o que todas coñecemos, o que a maior parte utilizamos, está  nun momento moi complicado. Tras anos de falta de investimento, de fragmentacións, de substitución do ferrocarril convencional por un transporte elitista, cuéstionase o seu carácter de servizo público, o obxectivo que debe perseguir e as necesidades que debe satisfacer, os custos que ten, a financiación con que debe contar e o tipo de redibilidade que debe alcanzar, a accesibilidade e

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

quen debe poder utilizalo, a propiedade e o nivel de seguridade.

Trens xustos e accesibles

As viaxes de Ourense a Santiago de Compostela son un 66% máis caras –prezo por quilómetro– que no eixo atlántico, entre Vigo - A Coruña, o que pon de manifesto a existencia dunha marxinación histórica. No eixo atlántico o custo por quilómetro é de 9 céntimos fronte aos 15 do quilómetro ourensá.

A conexión diaria entre Vigo – Santiago está composta por 17 trens, 11 rápidos e 7 rexionais, fronte á liña Ourense – Vigo que apenas ten dous rexionais exprés (12,90€) tras diversas supresións, que tardan máis de dúas horas; dous Alvia (20,20€) dunha hora e media; e dúas Longa Distancia (24,30€), de case dúas horas e media. A viaxe Ourense - Lugo conta con tres trens diarios, de hora e media.

As actualizacións tarifarias do ano 2020, aprobadas polo consello de administración de Renfe volveu a incrementar o prezo do Avant que cubre a liña Ourense – Santiago - A Coruña nun 1,2%, pasando a ser de 18 euros por billete.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte

1. Parécelles que a función do goberno galego é anterpór os intereses da industria e das grandes finanzas ás necesidades da xente?
2. É para vostedes o ferrocarril convencional un medio de transporte social e ambientalmente óptimo?

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:41:03
Nº Rexistro: 61823
Data envío: 16/01/2020 17:41:03.678

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

3. É para o seu goberno unha prioridade satisfacer as necesidades da poboación a través dun servizo público?
4. Como pensan paliar a degradación e avarías das liñas de tren que afectan, principalmente, ás conexións con Ourense?
5. É Ourense unha capital de segunda á hora de beneficiarse dun medio de transporte que debera fomentarse en prol de asegurar a contribución da merma do cambio climático?
6. Pasa o seu plan de transporte público por estrada por substituír aos trens convencionais e favorecer ás empresas de transporte privado?
7. Cren que temos un tren xusto e accesible cando os prezos a alza das rutas rápidas increméntanse anualmente e comparativamente superiores aos trens do eixo atlántico?
8. Saben vostedes que o rural da provincia de Ourense escasamente oferta trens para o desprazamento de viaxeiros?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda.
Marcos Cal Ogando.
Antón Sánchez García.

Deputada e deputados do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:41:03
Nº Rexistro: 61823
Data envio: 16/01/2020 17:41:03.678

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2020 17:37:23**

**Marcos Cal Ogando na data 16/01/2020 17:37:28**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2020 17:37:42**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:45:21
Nº Rexistro: 61830
Data envio: 16/01/2020 17:45:21.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reivindicación a favor dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión publica da plataforma Procapd Ourense, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar público e de xestión pública directa, volta xerar a mobilización e preocupación dos país e nais e colectivos que integran dita plataforma por mor dos incumprimentos reiterados da Xunta de Galiza e a negación desta a asumir a xestión pública e directa como modelo.

Cómpre recordar que a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas das comarcas de Ourense así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL PUBLICO e de XESTIÓN PUBLICA, ou o que é o mesmo un, CAPD na provincia de Ourense, similar o que xa existe no resto de circunscricións galegas.

O compromiso de construción deste centro de atención terapéutica-ocupación público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos . (PP, PSOE, DO, BNG, EN MAREA), previamente ás eleccións galegas daquel ano. Existiron tamén acordos semellantes no Concello de Ourense, na Deputación de Ourense e no Parlamento Galego.

Cómpre recordar tamén que após 2016, cando as nais e pais da plataforma examinaron o proxecto exposto polos técnicos da Consellería e descubriron a intención da consellaría de levar a cabo un proxecto totalmente diferente ao que nos comprometéramos todas as organizacións políticas houbo unha gran manifestación o 2 de febreiro de 2017 que levou á Xunta a rectificar e reiniciar o proceso.

Neste momento, asumido por fin por parte da Xunta de Galiza que debe construírse este centro, a principal problemática reside – máis alá dos constantes atrasos por parte de Concello de Ourense e Xunta- na falta de clarificación e compromiso sobre a xestión pública, o que resulta un problema alarmante para nais as nais e pais, e o conxunto da plataforma.

A  falta de claridade, e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión publica do CAPD, e os silencios tras diversas interpelacións por parte da propia plataforma, de nais e pais da mesma e medios de comunicación en xeral a diferentes responsables institucionais, así como as evasivas respostas da Conselleira de Política Social da Xunta está a xerar unha máis que xustificada preocupación polo nivel de opacidade arredor deste punto.

A xestión pública do centro é prioritaria e irrenunciábel. Compre lembrarmos que a falta de compromiso nesta cuestión foi o que levou ao conxunto de pais e nais a renunciar á proposición inicial dun centro feita no ano 2016.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:45:21
Nº Rexistro: 61830
Data envio: 16/01/2020 17:45:21.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que esixe a plataforma, e o ao que nos comprometemos as distintas organización políticas, sindicais, e sociais é a un centro público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

A xestión directa do centro é o único modelo que garante a calidade asistencial que as usuarias precisan. Unha xestión pública directa que poña en pé de igualdade o futuro centro público Ourense aos que xa existen nas outras tres provincias da Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Comprométese a Xunta de Galiza a garantir por escrito que o CAPD de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa? Cales son os motivos?

Entende a Xunta de Galiza que este centro deberá ser atendido por traballadores e traballadoras seleccionados, organizados e remunerados pola Xunta de Galiza?

Cal vai ser o procedemento para seleccionar estes traballadores e traballadoras?

Ten definido a Xunta de Galiza como se tramitará e fornecerá o equipamento do centro? Porque non se fixo canda o procedemento para a súa construción?

Tense reunido recentemente cos pais e nais? Vaino facer? Que audiencia se lle vai dar no procedemento?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai continuar na senda da privatización de servizos de atención á discapacidade? E á dependencia?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:41:01**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:41:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:41:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:41:23**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:45:21
Nº Rexistro: 61830
Data envio: 16/01/2020 17:45:21.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:41:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:41:37**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:52:21
Nº Rexistro: 61834
Data envio: 16/01/2020 17:52:21.058

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Cada vez que unha xeada tardía, un trebón con pedrazo, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprensible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:52:21
Nº Rexistro: 61834
Data envio: 16/01/2020 17:52:21.058

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exiguo.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:52:21
Nº Rexistro: 61834
Data envio: 16/01/2020 17:52:21.058

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Sabe o goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro?

-Vistas estas ten o goberno galego disposición de presionar sobre os agroseguros para que adapten as súas pólizas á realidade galega?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:50:04**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:50:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:50:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:50:57**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:51:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:51:28**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:54:50
Nº Rexistro: 61835
Data envio: 16/01/2020 17:54:50.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do estabelecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Catoira responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:54:50
Nº Rexistro: 61835
Data envío: 16/01/2020 17:54:50.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O cadro de persoal do Centro de Saúde de Catoira está formado por dous facultativos e un pediatra que pasa consulta en días alternos. Desde principios de setembro é un só facultativo o que atende a demanda de asistencia sanitaria, xa que o outro facultativo nun pode acudir ao centro, primeiro por vacacións e logo por incapacidade laboral temporal.

A situación de prexuízo para @s veciñ@s de Catoira é máis que evidente, habendo días con máis de setenta persoas para un só facultativo.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Vai proceder a substituír ao facultativo do Centro de Saúde de Catoira, tanto nas súas licenzas como vacacións para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estábel?

-Coida que o persoal do Centro de Saúde de Catoira pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta situación sen que se resinta a calidade asistencial?

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando @s profesionais teñen que asumir o traballo propio e o d@s compañeir@s que non son substituíd@s?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:54:50
Nº Rexistro: 61835
Data envio: 16/01/2020 17:54:50.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2020 17:53:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2020 17:53:57**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2020 17:54:04**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 17:54:50
Nº Rexistro: 61835
Data envio: 16/01/2020 17:54:50.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2020 17:54:12**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2020 17:54:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2020 17:54:25**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:02:24
Nº Rexistro: 61840
Data envio: 16/01/2020 18:02:24.124

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García** e **Marcos Cal Ogando**, deputados do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7ª.**

A adega Casal de Armán, propiedade da familia do Conselleiro de Medio Rural José González Vázquez, foi sancionada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta coa orde de desmontar a estrutura prefabricada coa que esta adega conta para acoller eventos e banquetes. Dita estrutura, que foi levantada a 20 metros da protexida antiga casa reitoral de Santo André de Campo Redondo, no concello de Ribadavia, non conta cos permisos necesarios para a súa construción segundo informacións publicadas en medios en outubro de 2015.

A adega e establecemento de turismo rural Casal de Armán, que figuraba en outubro do 2016 dentro da declaracións de bens do conselleiro de Medio Rural na súa toma de posesión como parlamentario, está na actualidade a tramitar ante a Xunta o permiso para ampliar as súas instalacións para enoturismo. Ampliación consistente na construción dunha nova adega de 3800 metros cadrados, un novo restaurante de 1200 metros cadrados e instalacións para turismo rural de 750 metros cadrados, tal e como figura na documentación a exposición pública.

Esta ampliación é solicitada despois de que o 19 de xullo de 2019 o goberno galego inaugurara na referida casa reitoral de Santo André de Campo Redondo o Museo do Viño de Galicia, feito que a propia empresa sinala como beneficioso

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:02:24
Nº Rexistro: 61840
Data envio: 16/01/2020 18:02:24.124

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

para os seus propios intereses e a mellora da súa competitividade.

En base á exemplaridade e o rigor que debe rexer o exercicio da representación pública, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión, co obxectivo de garantir a máxima transparencia e resolver as dúbidas que poida suscitar na cidadanía a situación anteriormente descrita.

- Que actuacións se teñen levado a cabo dende a Dirección Xeral de Patrimonio ou dende outros departamentos dependentes da Xunta de Galicia a respecto desta situación?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García.
Marcos Cal Ogando.

Deputados do G. P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2020 18:01:25**

**Marcos Cal Ogando na data 16/01/2020 18:01:35**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Grupo Parlamentar*
*Grupo Común da Esquerda*
*+ 981 551 584*
*gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:02:27
Nº Rexistro: 61841
Data envio: 16/01/2020 18:02:27.030

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao anuncio do Presidente da Xunta ao respecto do número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galiza.

No pleno do Parlamento do 19 de decembro de 2018 na sesión de control ao Presidente da Xunta á pregunta formulada pola Portavoz Parlamentar do BNG Ana Pontón, este asegurou que:

"*levamos construídos 54 centros de saúde e investidos 110 millóns de euros. Vamos construír ou ampliar 20 novos centros de saúde máis, e ao final da lexislatura teremos 82 centros de saúde novos ou ampliados".*

Diante desta afirmación formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é a relación dos 54 centros de saúde construídos, con data de inicio e de finalización e orzamento de cada un deles?

-Cal é a relación dos 20 centros de saúde que se van construír ou ampliar, o estado de tramitación das obras, con data de inicio e finalización e orzamento de cada un deles?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a relación dos 82 centros de saúde novos ou ampliados que se terán ao final de lexislatura?

-Cal é a data de inicio e finalización e orzamento de cada un deles?

-Cal é a situación da tramitación dos que non están construídos e a data prevista de inicio?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2019 12:59:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2019 12:59:50**



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:02:27
Nº Rexistro: 61841
Data envio: 16/01/2020 18:02:27.030

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2019 12:59:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2019 13:00:05**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2019 13:00:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2019 13:00:19**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:09:46
Nº Rexistro: 61844
Data envío: 16/01/2020 18:09:46.174

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

O sobrepeso e a obesidade son un dos principais problemas de saúde pública a nivel global, e ten especial incidencia no noso País, alarmando especialmente os datos en infancia e adolescencia.

No 2017, o 23,3% da infancia e adolescencia galegas ten sobrepeso e obesidade.

O sobrepeso e obesidade son o factor principal de múltiples patoloxías: enfermidades cardiovasculares, diabete, maior risco de padecer cancro (o tipo de alimentación é un factor esencial no desenvolvemento desta enfermidade), infertilidade, artrose ou mesmo é un factor para o padecemento de trastornos mentais.

O sobrepeso e obesidade na infancia agrava o risco de manter esta condición na idade adulta e de padecer patoloxías a idades máis temperás. 8 de cada 10 nenos e nenas obesos serano na idade adulta, vendo diminuída a súa esperanza de vida en, canto menos, 9 anos.

Dous son os factores esenciais para a prevención da obesidade: alimentación saudable (ou, máis ben, deixar de comer mal) e actividade física axeitada.

Para incidir nestes factores a nivel da infancia, a Xunta aprobou o Plan Xermola en 2014, que foi avaliado en 2018, pero que aínda non está plenamente desenvolvido, habendo numerosos puntos que aínda están “en desenvolvemento” ou que “se está traballando neles” en 2020, como amosa o informe técnico “Avaliación do Proceso” Xermola 2014-2018.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:09:46
Nº Rexistro: 61844
Data envío: 16/01/2020 18:09:46.174

Unha das medidas non desenvolvidas é o "desenvolvemento da normativa necesaria para regular a oferta alimentaria dos centros educativos de titularidade pública de Galicia", estando aínda sen desenvolver un marco lexislativo que regule a oferta alimentaria dos centros, tanto menús como cafetería escolar e máquinas de vending. Entre as recomendacións de continuidade do Plan Xermola, indícase que esta regulación se debe estender a centros sanitarios e administrativos.

Un factor para a prevención da obesidade infantil é o fomento da lactancia materna, pero a día de hoxe aínda persisten mensaxes contraditorios no Sergas a este respecto; as guías oficiais recomendan, efectivamente, seis meses de lactancia exclusiva, no marco das recomendacións da OMS, pero aínda persisten nos centros de saúde as recomendacións de papillas industriais a partir dos catro meses de vida da crianza. O Plan Xermola prevía a publicación da Guía o "ABC do consello alimentario en pediatría" no primeiro semestre de 2019.

En canto á necesidade de atender con máis recursos sanitarios a obesidade, nas recomendacións de continuidade do Plan Xermola proponse definir un Proceso Asistencial Integrado de Obesidade que estableza os criterios e circuítos para a detección, diagnóstico, derivación a unidades especializadas, tratamento e seguimento do sobrepeso e da obesidade implicando tanto a atención primaria como a atención hospitalaria.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Como avalía o desenvolvemento do Plan Xermola?

- Cando vai a Xunta desenvolver a normativa necesaria para regular a oferta alimentaria dos centros educativos de titularidade pública de Galicia, así como en centros sanitarios e administrativos?

- Considera suficiente que dende o curso 2015/2016 só uns 6000 alumnos e alumnas participen do proxecto "Aliméntate ben"?

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:09:46
Nº Rexistro: 61844
Data envio: 16/01/2020 18:09:46.174

- Cando se vai facer axeitado seguimento nutricional dos menús en centros educativos, sanitarios e administrativos?

- Cando se vai elaborar o “ABC do consello alimentario en pediatría”?

- Como e cando vai definir o Proceso Asistencial Integrado de Obesidade?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 16/01/2020 18:09:20**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:28:44
Nº Rexistro: 61847
Data envío: 16/01/2020 18:28:44.063

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e María Teresa Pierres López, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O xulgado sobre a muller de Viveiro carece dun espazo digno para darlles comodidade e anonimato ás mulleres maltratadas que deciden demandar aos seus agresores.

A sala na que agardan as vítimas de violencia de xénero da Mariña de Lugo, para denunciar aos seus agresores, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro, é un espazo reducido, con centos de arquivos acumulados, humidade, mobiliario escaso e vello, e que non ofrece intimidade e anonimato ás vítimas.

O 12 de abril deste ano tivo lugar a Mesa Local de Coordinación contra a violencia de xénero do Concello de Viveiro, e no punto de rogos e preguntas os representantes dos xulgados de Violencia sobre a Muller de Viveiro ( xulgados de Primeira Instancia e Instrución número 2) presentaron un rogo á Mesa para solicitar da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia a habilitación dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas. Neste rogo presentado explícanse cales son as condicións na que se atopa a actual " sala de espera" que non se considera adecuada para tal fin.

Cabe recordar que xa no Pleno do Concello de Viveiro do día 12 de febreiro de 2012 se acordara realizar os trámites necesarios para ceder unha serie de locais de titularidade municipal ao Xulgado de Viveiro. En consecuencia, este concello tramitou o expediente para ceder ao Xulgado de Viveiro o uso de diferentes locais don inmoble sito en Alonso Pérez, 50. Tras a tramitación do expediente correspondente, na sesión plenaria de data 4 de novembro de 2015, acordou a cesión de uso gratuíto a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos xulgados de Viveiro, de diversos locais de titularidade municipal do inmoble sito no número 50 da rúa Alonso Pérez de Viveiro, cunha superficie total de 767,52 metros cadrados.

O dito acordo do 4 de novembro de 2015 foi remitido en decembro de 2015 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a día de hoxe o Concello de Viveiro espera contestación da Xunta de Galicia para poder

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:28:44
Nº Rexistro: 61847
Data envio: 16/01/2020 18:28:44.063

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

formalizar a cesión. O Concello de Viveiro tramitou este expediente de cesión coa finalidade de que se poidan ampliar e mellorar as instalacións e servizos dos xulgados de Viveiro.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas

1ª. Ten pensado a Xunta de Galicia habilitar no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro un espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas que comparecen no dito xulgado, no que poder pasar as tres ou catro horas que adoitan durar os trámites nestas dependencias? De ser o caso, en que prazo?

2ª. Cal é o motivo de que a Xunta de Galicia non aceptase, a día de hoxe, a cesión de uso gratuíto realizada polo Concello de Viveiro, no Pleno do día 4 de novembro de 2015, a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos xulgados de Viveiro, de diversos locais de titularidade municipal do inmoble sito no número 50 da rúa Alonso Pérez de Viveiro, cunha superficie total de 767,52 metros cadrados?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/01/2020 17:55:02**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2020 17:55:16**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2020 17:55:31**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 16/01/2020 17:55:56**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:29:01
Nº Rexistro: 61848
Data envío: 16/01/2020 18:29:01.779

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A nosa Comunidade Autónoma contaba con 213.359 traballadores por conta propia en abril de 2018 e pasou a ter 210.643 autónomos/as en abril de 2019, perdéndose nun só ano 2716 autónomos. Isto tradúcese nun descenso do 1,3 %, colocando Galicia coma a Comunidade Autónoma que lidera a perda de traballadores por conta propia, en datos interanuais, segundo o informe elaborado pola ATA Galicia (Asociación de Traballadores Autónomos de Galicia).

En 12 meses en Galicia perdéronse:

- 1.461 autónomos no sector da Industria.

- 1.319 no Comercio.

- Na Agricultura 988.

- Construción con 333.

- Hostalería 284.

Desde 2014 na nosa Comunidade Autónoma non se pecha un ano en positivo no relativo á cifra de traballadores por conta propia. No que vai de 2019 perdéronse xa 643 autónomos, o que supón un 0,3 % menos, ao revés do que acontece a nivel nacional, no que aumenta un 0,4 % ata os 3,26 millóns de traballadores por conta propia.

En Galicia o emprego autónomo ten unha extraordinaria importancia e paradoxalmente a nosa Comunidade Autónoma lidera a perda de autónomos, por iso, segundo reclama ATA Galicia é necesario frear a continua perda de autónomos e urxe adoptar medidas co obxectivo de paliar este descenso no número de autónomos.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:29:01
Nº Rexistro: 61848
Data envío: 16/01/2020 18:29:01.779

Nunha comunidade autónoma, como a nosa, con graves problemas demográficos, despoboamento, dispersión de poboación e tendencia á concentración na franxa atlántica, o arraigamento dos autónomos no territorio é estratéxico.

A Xunta de Galicia debe de comprometerse dun xeito real co papel do emprego autónomo na nosa economía, axudando á creación deste tipo de emprego, apoiando os inicios dos autónomos/as favorecendo a creación de novas empresas e tamén para que os emprendedores galegos poidan consolidar os seus proxectos, sobre todo aqueles que levan menos de 42 meses funcionando, que é cando máis se necesitan.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Como valora o Goberno galego a perda de traballadores autónomos no último ano na nosa comunidade autónoma?

2ª. Cales pensa, o Goberno galego, que son as razóns da perda de traballadores por conta propia na nosa comunidade autónoma no último ano, cando no resto do Estado sube o seu número?

3ª. Que medidas ten pensado adoptar o Goberno galego para evitar a caída do número de traballadores por conta propia en Galicia?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/01/2020 17:57:50**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 17:58:03**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 17:58:15**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:29:19
Nº Rexistro: 61849
Data envio: 16/01/2020 18:29:19.542

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Encarnación Liñeiro Pouso, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O pasado día 29 de abril de 2019 publicáronse os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente ofertado polo Servicio Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

No novo concurso público de servizos de transporte sanitario urxente, que se atopa en fase de licitación, o persoal das ambulancias estará composto por 2 técnicos/as de emerxencias, un/unha médico /a e un/unha enfermeiro /a, agás nas ambulancias de Foz, Monforte e O Salnés, onde a Xunta de Galicia suprime un destes técnicos nos pregos.

Este servizo de urxencias extrahospitalarias atende patoloxías tempodependentes, é dicir, onde a vida dos doentes corre perigo, e con este novo servizo non se pode asegurar a calidade na atención das persoas. O equipo humano é fundamental para atender esas patoloxías ou situacións e, polo tanto, a presenza das dúas persoas técnicas para poder localizar e chegar ao punto da emerxencia é fundamental sobre todo nunha zona rural como é o ámbito de actuación deste recurso de soporte vital avanzado.

Na actualidade a ambulancia medicalizada con base en Foz conta en cada quenda de garda con dous TES, un médico e un DUE, coma o resto de ambulancias medicalizadas do territorio galego. Tras o recorte de persoal a dotación humana só estará formada por un TES, un médico e un DUE, situación que non se producirá no resto das ambulancias medicalizadas de Galicia.

Esta supresión dun TES na ambulancia de Foz suporá diferencias na atención que sufrirán os habitantes de Foz e da Mariña lucense en xeral e creará a figura de pacientes de 1ª e de 2ª.

O Partido Popular de Galicia ataca unha vez máis a sanidade pública da Mariña de Lugo, con este novo recorte de persoal.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:29:19
Nº Rexistro: 61849
Data envio: 16/01/2020 18:29:19.542

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Desde o Grupo Socialista pedímoslle ao Goberno Popular da Xunta de Galicia que garanta, para a Mariña de Lugo, a igualdade de condicións coas ambulancias medicalizadas do resto de Galicia.

A maiores no ano 2011 recortouse o horario da ambulancia asistencial con base en Foz. Un servizo, que a día de hoxe segue cun inxustificado horario recortado a 12 horas, que empeora os tempos de resposta.

Ante as protestas xeradas na Mariña lucense a xerencia do 061 asegurou que pode cubrir esta zona cos dous helicópteros medicalizados. Afirmación esta que é falsa, xa que a comarca da Mariña de Lugo é unha das poucas zonas de Galicia que se atopa fóra das isocronas do dito recurso. Os Técnicos de Emerxencias Sanitarias aseguran que a presencia do H3 e H4 é testemuñal na Comarca. Os helicópteros do 061 só voan cando as condicións meteorolóxicas e de visibilidade son boas, algo que non é habitual debido a néboa que se acumula na Serra do Xistral.

O PP da Mariña recorda na prensa que o helicóptero do Pesca II tamén fai traslados sanitarios. Segundo os Técnicos de Emerxencias Sanitarias esta información é enganosa, xa que aseguran que a misión do Pesca II non é realizar traslados sanitarios nin atender emerxencias en terra, senón que a súa misión é marítima realizando rescates no mar e o posterior traslado aos hospitais. Ocasionalmente realizan rescates en terra en lugares de difícil acceso pero sempre, tanto nos recates no mar coma en terra, con apoio do 061, xa que a dotación dos helicópteros non dispón de médico.

O director do 061 asegura que se priorizan os servizos interhospitalarios, pero os Técnicos de Emerxencias Sanitarias recórdanlle que o SVA da Mariña o 70 % dos seus servizos son primarios, é dicir, que atenden as emerxencias na rúa como poden ser as paradas cardiorrespiratorias, accidentes de tráfico, accidentes laborais, hipoglucemias…

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Pensa o Goberno galego que se mellora  a calidade do servizo do SVA da Mariña ao recortar un TES da ambulancia medicalizada de Foz, pasando dun equipo de catro profesionais a tres? En que se xustifica este recorte de persoal?

2ª.Ten pensado a Xunta de Galicia modificar os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do Servizo de Transporte Sanitario Urxente ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061, de xeito que se recupere o TES suprimido na ambulancia medicalizada de Foz?

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:29:19
Nº Rexistro: 61849
Data envio: 16/01/2020 18:29:19.542

3ª. Vai a Xunta de Galicia recuperar o servizo das 24 horas da ambulancia asistencial de Foz, recortado a 12 horas de forma inxustificada, no ano 2011?

4ª. Cantos servizos fixo a SVA da Mariña entre o anos 2010 ao 2109? Destes servizos, cantos foron intrahospitalarios, cantos foron primarios, é dicir, urxencias na rúa?

5ª. Cando o Pesca II acode ás emerxencias en terra ou ben a rescates no mar necesita do apoio do servizos do 061?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/01/2020 18:01:38**

**Encarnación Liñeiro Pouso na data 16/01/2020 18:02:02**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 18:02:11**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 18:02:24**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:29:58
Nº Rexistro: 61850
Data envio: 16/01/2020 18:29:58.271

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Mentres no conxunto de España o emprego no sector agrícola incrementouse nun 8 % no último ano e medio, en Galicia, no mesmo período, os datos da última Enquisa de Poboación Activa ( EPA) do primeiro trimestre de 2019, reflicten unha forte caída do emprego agrícola, xa que se destruíron cerca de 15.000 empregos. Segundo o último informe da EPA agora hai en Galicia 63.600 traballadores agrarios, unha cifra preocupante que se acerca moito á peor rexistrada na nosa comunidade autónoma: os 61.200 de comezos de ano 2015.

No terceiro trimestre de 2008 traballaban no sector agrícola galego 102.500 persoas e a principios de 2015 só 61.200, é dicir 41.300 traballadores menos, ou o que é o mesmo un 40 % menos.

Entre os anos 2015 a 2017 o sector agrario sumou 17.200 empregos máis, pero os sindicatos agrarios xa avanzaban daquela en que non había creación de emprego novo no rural, se ben se deron casos illados de incorporacións concretas de xente moza que creou os seus propios empregos, a regra xeral foi que esas reincorporacións eran daqueles que retornaban as casas dos seus pais, avós ou irmáns porque non atopaban emprego nas cidades ou noutros sectores económicos. A maior parte destes traballadores procedían da construción e regresaban ao rural ante a dificultade de atopar emprego estable e tamén polo adelgazamento neses anos do sector público galego, que segundo os sindicatos agrarios, deixou sen renovar moitos contratos temporais. Non obstante, entre setembro de 2017 e marzo de 2019 o sector agrícola volveu a derrubarse, dos cerca de 79.000 empregos no sector que había no terceiro trimestre de 2017 pasouse aos 63.600 segundo o informe EPA do primeiro trimestre de 2019.

Entre xaneiro de 2016 e abril de 2019 perdéronse en Galicia 1.670 explotacións agrarias, pasando de 9.078 a 7.408.

Se ben os sindicatos agrarios din que a principal causa da perda de poboación ocupada no sector agrario galego é a recuperación doutros sectores económicos, inciden tamén en que existen outros factores relevantes nesta perda de poboación ocupada.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 18:29:58
Nº Rexistro: 61850
Data envio: 16/01/2020 18:29:58.271

Un destes factores é o empeoramento das condicións de vida no rural. Ás peores condicións económicas do sector agrario fronte a outros sectores económicos súmanse a precariedade dos servizos públicos no rural: supresión de persoal nos centros de atención primaria por parte da Xunta de Galicia, non creación de prazas públicas en residencias de maiores … son só algúns dos exemplos.

Outro dos factores é o envellecemento, xa que a terceira parte dos titulares das explotacións agrarias son maiores de 55 anos, non habendo polo tanto un relevo xeracional, como tamén acontece noutros sectores como pode ser a pesca.

Por todo o dito amósase necesario que por parte da Xunta de Galicia se adopten de xeito inmediato medidas concretas para combater a perda de traballadores no sector rural galego.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas.

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia da perdida de poboación ocupada no sector agrario galego neste último ano e medio?

2ª) Ten pensado o Goberno galego adoptar medidas concretas para combater a perda de poboación ocupada no sector agrario galego? De ser o caso, cales? En que prazo?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 16/01/2020 18:06:23**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2020 18:06:38**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2020 18:06:51**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2020 18:07:04**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 12:23:47
Nº Rexistro: 61278
Data envío: 10/01/2020 12:23:47.467

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento,** deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG, coma os venres negros que aínda seguen ano e medio despois da súa primeira xornada de reivindicación.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos tempo denunciando a manipulación informativa existente na CRTVG, en concreto dos telexornais, que se dedican  ademais de a ocultar as críticas ao Goberno de Feijoo, a dende a chegada ao Goberno de España de Pedro Sánchez o 1 de xuño de 2018,  a reproducir a estratexia política de confrontación emprendida polo presidente da Xunta de Galicia contra Pedro Sánchez. Son moitos os exemplos desta manipulación, así durante a campaña electoral das eleccións xerais do 10 de novembro, mantívose a falla de obxectividade e de pluralismo político nos medios de comunicación públicos, tratábase ademais de que a CRTVG fixera seguidismo da estratexia da dereita de desmobilizar ao electorado de esquerdas. Boa mostra do cal foi que o plan de cobertura se publicara sen comentar antes cos partidos políticos, como adoitaba ser habitual; que a pegada de carteis se retransmitira pola TVG2, non pola canle principal; que o debate das eleccións volvera a ser, ao igual que nas do mes de abril, ás 10:00 da mañá, en horario laborable para a gran maioría das persoas que traballan, e na hora de buscar emprego para os que non o teñen; e que tampouco conectarán co debate cuxa sinal ofreceu á Academia, mentres outras canles autonómicas si o fixeron.

A manipulación informativa continuou nos informativos da CRTVG trala celebración das eleccións, durante o tempo que duraron as negociacións entre as diferentes organizacións políticas con representación no Congreso dos Deputados, de cara á investidura. De novo non se informou con obxectividade, senón con parcialidade e trasladando como verdade absoluta os argumentarios do

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 12:23:47
Nº Rexistro: 61278
Data envío: 10/01/2020 12:23:47.467

PP na radio e televisión públicas de todos os galegos e galegas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da cobertura informativa que a TVG realizou das negociacións previas á sesión de investidura celebrada no Congreso dos Deputados os días 5 e 7 de xaneiro?
2. Considera a CRTVG que a información que se deu nos telexornais no período de tempo transcorrido entre a celebración das eleccións xerais e a sesión de investidura, cumpriu cos criterios de imparcialidade política que se lle presupoñen a unha canle pública?
3. Como valora a cobertura informativa dos nosos medios de comunicación públicos, dos días que en que se celebrou a sesión de investidura?
4. Considera que o tratamento informativo que a CRTVG realiza sobre as novas que atinxen ao Goberno de España, cumpre cos criterios de obxectividade e pluralismo?
5. Ten previsto a CRTVG poñer en marcha algún mecanismo para evitar que se volvan a repetir nos telexornais da TVG episodios de manipulación informativa?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Óscar Vilar Chento
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2020 12:22:39**

**Oscar Vilar Chento na data 10/01/2020 12:22:49**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2020 09:44:35
Nº Rexistro: 61343
Data envío: 13/01/2020 09:44:35.076

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Óscar Vilar Chento,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG, coma os venres negros que aínda seguen ano e medio despois da súa primeira xornada de reivindicación.

O 20 de decembro coñeciamos a través das redes sociais un vídeo protagonizado polo señor Feijoo e Luis Zahera, onde o mandatario galego felicitaba as festas e o aninovo. Curiosamente, poucos días despois a CRTVG anunciaba a emisión o día 5 de xaneiro dun especial sobre este actor compostelán.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que decidiu a CRTVG emitir un especial sobre o actor Luis Zahera?
2. Que outros especiais ten previsto emitir a CRTVG nos vindeiros meses?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2020 14:31:24**

**Oscar Vilar Chento na data 10/01/2020 14:31:34**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2020 13:43:45
Nº Rexistro: 61408
Data envío: 13/01/2020 13:43:45.214

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Concepción Burgo López e Óscar Vilar Chento,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A porcentaxe de nenos e nenas que non fala nunca en galego disparouse nunha década case 15 puntos, pasando do 29,59 % de 2008 ao 44,13 % de 2018, segundo o Instituto Galego de Estatística.

O pasado día 11 de novembro de 2019 coñeciamos o informe do Consello de Europa sobre a situación do galego, no que se incide no grave retroceso que está a sufrir a nosa lingua. Apunta o Consello de Europa que "a transmisión da lingua de pais e nais a fillos xa non está garantida e, por tanto, a proporción do alumnado con dominio do galego como idioma da vida cotiá, tamén diminuíu significativamente", poñendo este organismo a focaxe no problema nos colexios, e instando ao goberno de Feijóo a dar marcha atrás ao modelo que instaurou en 2010. Hai que lembrar que en Galicia, dende hai nove anos, as escolas e institutos deben impartir o mesmo número de materias en castelán que en galego. O sistema anterior, posto en marcha polo bipartito de PSOE e BNG baseándose nun plan aprobado por Fraga, permitía dar máis clases na nosa lingua. O Consello de Europa conclúe que a presenza do idioma propio no sistema educativo de Galicia "é insuficiente, particularmente a nivel preescolar".

O Presidente da Xunta de Galicia xa anunciou, a pesares de admitir a difícil situación na que se atopa o galego entre os e as máis novas, que non pensa atender a recomendación do Consello de Europa.

A presentación deste informe motivou numerosas pezas xornalísticas nos medios de comunicación da nosa comunidade autónoma, agás na CRTVG que unha vez máis, volveu a amosar a súa parcialidade e falla de obxectividade, tentando ocultar unha nova que cuestiona as políticas do goberno galego.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2020 13:43:45
Nº Rexistro: 61408
Data envío: 13/01/2020 13:43:45.214

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da cobertura informativa que a TVG realizou con motivo da presentación do informe do Consello de Europa sobre a situación en que se atopa a nosa lingua?
2. Considera a CRTVG que a información que se deu nos telexornais do día en que se coñeceu dito documento, e nos posteriores, cumpriu cos criterios de imparcialidade política que se lle presupoñen a unha canle pública?
3. Cre que esta nova é relevante?
4. Cantos segundos de espazo informativo se dedicou nos informativos do mediodía e do serán á valoración dese informe?
5. Ten previsto a CRTVG poñer en marcha algún mecanismo para evitar que se volvan a repetir nos telexornais da TVG episodios de manipulación informativa?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Concepción Burgo López
Óscar Vilar Chento
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/01/2020 13:34:51**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 13/01/2020 13:35:05**

**Oscar Vilar Chento na data 13/01/2020 13:35:15**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Mª Ánxeles Cuña Bóveda e Xan Xove**, deputadas do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**:

As informacións emitidas polos diferentes Telexornais da Televisión Pública de Galicia con respecto ás negociacións e posterior toma de posesión do goberno de coalición do Estado estiveron, unha vez máis, tinguidas do nesgo manipulador e pouco obxectivo ao que nos teñen acostumados.

Nesta ocasión queremos preguntarlle o motivo polo que, dende que se coñeceu oficialmente que a galega Yolanda Díaz sería ministra de Traballo se obviou en todo momento as informacións relativas a este nomeamento, evitando facer alusións concretas ao seu perfil profesional e a súa traxectoria, mentres que en todas as ocasións anteriores en que tomaron posesión ministros galegos si se fixeron vídeos de perfil destacando a orixe galega dos novos titulares da carteira, caso de Ana Pastor, por exemplo.

Vaiamos á mediateca, Señor Sánchez Izquierdo: na propia web da CRTVG podemos consultar o Telexornal do día en que botou a andar a última lexislatura de Rajoy e os seus ministros tomaban posesión:

22/11/2011: A galega Ana Pastor, asume a carteira de Fomento en Titulares e destácase na información os retos que defenderá para Galicia. Información en ton

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 12:32:25
Nº Rexistro: 61766
Data envio: 16/01/2020 12:32:25.966



positivo. Cero críticas.

Despois, no desenvolvemento da información relativa a ese bloque informativo, nada máis dar conta da xura dos cargos dos 13 ministros, xa se introduce un Directo dende Madrid no que se destaca o papel de Ana Pastor:

PRESENTADORA: Outro dos intereses do día sobre todo para os intereses de Galicia, é a do traspaso de carteiras entre Ana Pastor e Xosé Blanco. O Ministerio de Fomento continúa en mans galegas coa deputadas pontevedresa e terá por diante importantes retos que afectan á nosa comunidade como a chegada do AVE e as autovías pendentes.

DIRECTO: Así é, e pode que por eses retos vimos na toma de posesión de Ana Pastor o conselleiro de Infraestruturas e tamén o da Presidencia, Alfonso Rueda. Sen dúbida, Ana Pastor enfróntase a importantes retos para Galicia e vai priorizar aqueles que sexan rendibles e que fomenten a cohesión territorial.

O DIRECTO dá paso a un VÍDEO de minutos e medio centrado unicamente no traspaso de poderes da carteira de Fomento, con varias declaracións de Ana Pastor. E destacando toda a súa intervención trala xura do cargo.

Tralo Vídeo, en Colas, outros 40 segundos destacando a presenza de representantes da Xunta no acto, e destacando a boa noticia que supón o nomeamento dunha galega para a Comunidade, con DECLARACIÓNS de Rueda e Agustín Hernández destacando a importancia da orixe galega de Ana Pastor e a importancia do día para Galicia.

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Despois deste monográfico de Ana Pastor emitiuse o vídeo do resto dos ministros... En total, máis de 4 minutos do Telexornal dedicados en exclusiva a Ana Pastor, xustificados pola súa vinculación con Galicia.

Pois ben, nada que ver coa información da toma de posesión dos ministros do actual goberno de coalición. E moito menos de Yolanda Díaz. Aquí vemos o resumo dos titulares do Telexornal Mediodía que se correspondería co mesmo momento informativo ca o anterior, o 13/01/2020 :

Sorprendentemente, neste caso mudaron, e moito, o criterio informativo.

Ata a prensa de dereitas estatal o fixo. Un titular dun xornal de moita tirada e nada afín ao Común da Esquerda publica un titular: *Yolanda Díaz, la ministra curtida en la lucha obrera y en la política local.* Dise no artigo, entre outras cousas, que asumirá a carteira máis importante de Podemos no Goberno de coalición coa mochila ateigada de coñecemento académico –é licenciada en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e ten tres másters en Urbanismo, Relacións Laborais e Recursos Humanos-, experiencia profesional como avogada especializada en dereito laboral e defensa de muleres maltratadas e 16 anos de veteranía política que lle confiren un completo coñecemento do funcionamento da administración.

No Telexornal de todos os galegos e galegas, obvian a relevancia de contar cunha ministra galega que si parecía ter cando foi nomeada Ana Pastor. Cítase como unha ministra máis no medio do vídeo da toma da posesión... e acto seguido, en

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2020 12:32:25
Nº Rexistro: 61766
Data envio: 16/01/2020 12:32:25.966

lugar das louvanzas do sr Agustín Hernández e Rueda a Ana Pastor, temos reaccións do voceiro parlamentario do PP ou da voceira do BNG restandolle valor ao nomeamento de Yolanda Díaz. (Xa en días previos opinaran en contra dela tamén no Telexornal, os empresarios temerosos das súas políticas, por exemplo). Críticas tamén as houbera, e moitas cando Pastor foi nomeada presidenta do Congreso, con manifestación incluso dentro do hemiciclo da propia plataforma de Victimas do Alvia, pero que os galegos e galegas tivemos que ver na Sexta, pois a TVG tampouco as considerou de relevancia no seu día.

En definitiva, poderiamos estar falando días enteiros da máis burda manipulación informativa, a que practican a diario con máis descaro nos informativos que pagamos entre todos e todas... Pero hoxe, formulámoslle preguntas sobre este caso concreto...

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Por que non se dá na TVG o perfil da ministra galega de traballo, Yolanda Díaz?
- Por que lle restan importancia ao nomeamento?
- Cren que non é de interese xeral?
- Unha sociedade mal informada non dá febleza á democracia?
- A diversidade social e politica non son a razón de ser dos medios públicos?
- Non debera a CRTVG converterse na casa de todos e todas as audiencias?
- El non será porque Yolanda Díaz terá como principal reto desmontar aspectos clave da lexislación do PP como a reforma laboral?



CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Isto non é manipulación política?

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda.
Xan Xove González.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2020 12:23:00**

**Xan Xosé Jove González na data 16/01/2020 12:31:06**

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia·gal

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG7VVfBJcSk2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/